

Rosalía en Camiño

DIÁLOGOS LITERARIOS
MULTILINGÜES 2022



CASA DE ROSALÍA

CINCUENTA ANIVERSARIO 50

Edita:
Fundación Rosalía de Castro

Patrocinan:
S. A. de Xestión Plan Xacobeo

Imprime: Gráficas Lasa (Padrón)

Dep.Legal: C 1018-2022

ISBN: 978-84-87668-55-5



Rosalía en camiño

DIÁLOGOS LITERARIOS MULTILINGÜES · 2022

Rosalía en Camiño 2022

Anxo Angueira

Presidente da Fundación
Rosalía de Castro

Rosalía en Camiño 2022

O proxecto “Rosalía en Camiño” vai consolidándose con esta terceira edición que alimenta os nosos desexos e ilusións de perdurar no tempo. O remuíño xerado no mundo da cultura en Galicia coa celebración do Xacobeo 2021-2022, desde o noso punto de vista, debe buscar a permanencia.

E a permanencia consiste en manter as grandes liñas do proxecto e ó mesmo tempo ir encarado renovacións e innovacións sempre necesarias. Neste sentido, imos seguir cunha premisa fundacional, que é a que ten por obxectivo promover a dimensión internacional da lingua e da cultura galega a través da figura de Rosalía de Castro e dos seus vínculos co Camiño de Santiago.

Nesta edición volvemos temos a fortuna de contar como coordinadora a Chus Pato, que pertence á Comisión Executiva da Fundación, e que é unha poeta de recoñecido prestixio a nivel galego e a nivel internacional. Grazas a ela xúntanse nesta edición un ramo diverso e desde logo ben interesante e tamén representativo do que é a poesía galega e poesía peninsular e a poesía europea do noso tempo.

María García, poeta en asturiano, Nieves Neira, poeta en galego, Tatiana Faia, poeta en portugués, Jaume Coll Marine, poeta en catalán, Dores Tembrás e Xabier Cordal, poetas en galego, José Oliver, poeta en alemán e Constantino Bértolo, poeta en galego, de diferentes xeracións e con moi diversos proxectos literarios mostran aquí escolma poética e, ademais, ofrecen un texto inédito de diálogo con Rosalía de Castro,

sumándose deste xeito á numerosa nómina de poetas que o fixeron, tan célebres como Curros Enríquez, Federico García Lorca, Luís Pimentel, Xohana Torres ou Xela Arias.

No “Rosalía en Camiño” o que precisamente queremos transmitir é diálogo. A diversidade de linguas e culturas é unha riqueza fundamental para o futuro da humanidade. Diálogo e comunicación entre elas é o que queremos ofrecer nestes encontros. E facelo a través de dous referentes galegos de proxección universal como son Rosalía de Castro e o Camiño de Santiago.

Canto ós espazos escollidos para esta edición, ademais dos ineludibles da Terra de Iria e Compostela, imos incorporar a Pontevedra, “a boa vila”, capital literaria de Galicia e do denominado Camiño Portugués. Esa é a gran innovación deste “Rosalía en Camiño 2022”. Son espazos rosalianos e xacobeos que moitos dos poetas descubrirán, ó tempo que nós descubriremos a palabra diversa e plurilingüe que nos traen.

7

O libro, pois que tes entre as mans, quere deixar constancia deste diálogo e deste encontro, tanto en papel como na súa versión electrónica, para que poida ser lido en calquera parte do mundo e poida tamén ser material didáctico nos centros de ensino.

Grazas ó Xacobeo 21 porque nos apadriña, a Chus Pato polo seu labor na coordinación do proxecto, ós tradutores Jesús Castro Yáñez e Catuxa López Pato e especialmente a María García, Nieves Neira, Tatiana Faia, Jaume Coll Marine, Dores Tembrás, Xabier Cordal, José Oliver e Constantino Bértolo, poetas que afianzan este noso proxecto que ergue a bandeira do diálogo e da pluralidade á beira de Rosalía de Castro e do Camiño de Santiago.

Un libro para festexarmos un éxito colectivo

Román Rodríguez González

Conselleiro de Cultura, Educación,
Formación profesional e Universidades

Un libro para festexarmos un éxito colectivo

10

Lector, lectora, o libro do que agora termas é o ramo bibliográfico co que a Fundación Rosalía de Castro pon remate a doce meses de celebración. Celebrou fundamentalmente un éxito incontestable: medio século de vida da Casa da Matanza, un espazo mítico onde se lle deu acubillo a unha próspera e moi diversa actividade cultural, destinada, principalmente, a manter viva a figura maxestosa e incontestable de Rosalía de Castro e a promocionar o colosal legado literario que ela deixou. Como calquera aniversario, esta efeméride resultou ser tamén unha (con)memoración social; isto é, o acto colectivo de lembrarmos de onde vivimos e o camiño que andamos como sociedade, e corroborarmos deste xeito que non todo momento pasado foi mellor. Neste caso, ao volvermos a mirada cara ás orixes, batemos coa realidade de hai 50 anos, cando a vella e duradeira aspiración de adquirir, para os fins mencionados, a propiedade da que fora morada da autora de *Follas novas* se materializou grazas ao fervoroso e altruísta empeño, alimentado por unha inquebrantable fe galeguista, dun grupo de xentes tanto da emigración como de aquí, pero sen que as institucións públicas de Galicia o asistiran nesta empresa moi especialmente. Medio século despois, a Fundación Rosalía de Castro, responsable do bo goberno da Casa da Matanza, puido contar, xaora, co apoio das institucións de noso no seu labor conmemorativo e festivo deste último ano, do que é

bo exemplo a edición de *Rosalía en Camiño 2022*, que sae ás rúas ao abeiro económico do fondo de proxectos culturais en lingua galega Xacobeo 2021-2022 do Goberno galego.

Pero a ocasión serviu igualmente para constatar que hai cousas que afortunadamente non mudaron, como queda demostrado nestas páxinas. *Rosalía en Camiño 2022* revela que a figura de Rosalía de Castro, ademais de permanecer hogano no Olimpo dos desuses populares, segue a suscitar gran fascinación e a alimentar a inspiración dos creadores e creadoras actuais, cando estamos a piques de alcanzar a fin do primeiro cuarto do século XXI. Corrobóranos os oito escritores que colaboran no libro coa súa obra, cuxas idades van desde a xuventude da sólida escritora bilingüe María García Díaz ata a eloxiosa senectude, digna das mellores gabanzas de Ciceron, do escritor, editor e crítico literario Constantino Bértolo, quen probablemente, como Federico García Lorca e tantos outros escritores antes, se converteu en poeta alófono en galego grazas á chamada de Rosalía de Castro. Ela e el, como igualmente Nieves Neira Roca, Tatiana Faia, Jaume Coll Mariné, Dores Tembrás, Xabier Cordal e José F. A. Oliver, merecen o noso máis sincero agradecemento por ter aceptado tan amablemente o convite da Fundación Rosalía de Castro para participaren coa súa obra en *Rosalía en Camiño 2022*, publicación ben fermosa coa que Galicia enteira celebra e festexa un éxito colectivo que ten xa medio século de existencia. Parabéns.



Diálogos

Introdución de Chus Pato

Coordinadora de *Rosalía en Camiño*

A Casa da poeta confiou de novo en min para a coordinación da terceira edición de *Rosalía en camiño*. Non se pode ser máis afortunada.

14

As notas que aquí abandono quixeran ser unha mínima achega á poesía das poetas e dos poetas que tiveron a ben aceptar o convite. Agradecemento fondo para elas e eles; tamén para Jesús Castro Yáñez para e Catuxa López Pato, que acometeron –de xeito altruísta– o complicado labor de traducir do catalán e do alemán a obra de Jaume Coll Mariné e de José Oliver.

Na escolma que nos presenta **María García** a escrita sitúase fronte ao que é. *O que é* vén sendo un arco temporal: desde unha vida na que se colleita o grao e se moxen as vacas ata as pantallas LCD nas que se arrola a xornada de quen quixera investigar cómo abrolla a cor neses espellos. Desde unha paisaxe inmemorial ata a robótica actual, sendo ambas contemporáneas. Serán as *landes, a xente-brisa-cristal-xuncu* as que xulgan se quen escribe pode ou non pode ser a muller que desexaba ser. A situación é a daquela que se interroga –e fai que nós nos interroguemos– sobre os límites dun suxeito que se sabe libre e bate coas lindes dun imperativo hipercorrecto que lle prohibe a expansión. Profundamente cívicos, os poemas debuxan os bordos dunha época que cinicamente promete o que veda. Como sería o que é se as cousas non foran como son? “Y si les praderes templaes/fueren –en realidá– glaciares”.

A poesía de **Nieves Neira** é de formación lenta, pero de comprensión súbita. Nun relampo iso está aí, non é posible ignoralo. Non é posible ignorar ese *sol intermitente* que di *aquí aquí aquí*. Esa voz que, rozando a fronteira, chama case imperceptible pero coa potencia do que abre toda posibilidade e ningún poder. Prolóngase como a bucina que desde a Fisterra orienta e impide o naufraxio. Escribe daquilo que nos concirne por ser nacid*s e traíd*s ao abandono e ao amor desde o ventre. Se cadra ese amor que é *corpo mineral* e *ferida que lanzar ao campo nevado* sexa un corpo celeste que ela, a voz, escribe para que a comprensión se inicie e se estire. Sen dúbida aquí "*A adquisición do sentido é metafórica*" Así o *aquí é don*, e o don comunidade. E amor, tal como o pichón de Ali ben Hisn, ergue e voo levando o corazón do poema. Onde? A poeta non o sabe. *Como un don a dar*.

distância e corte é o título que **Tatiana Faia** deu ás seis seccións que compoñen o inédito que nos presenta, pero tamén se corresponde coa análise que un dos protagonistas fai sobre *Vista de Delft*. A voz que fala diríxese sobre todo a alekos –lembra con agarimo a haris, relata certas cuestións relativas a ghiscardo–. A súa mestría é tal que transforma ao lector/a en ouvinte. A poeta logra que un poema poida ser percibido como unha conversa, que unha escrita eminentemente gráfica e silenciosa poida ser lida e ao tempo escoitada, que un texto se transforme nunha voz e que esa voz descoñecida sexa íntima para quen le. De que se nos fala nestes seis fragmentos? De pintura, de literatura, das dificultades de pertencer a certa xeración... pero sobre todo da amizade, da peste e do amor, aquel que *move il sole e l'altre stelle*, que ven sendo o mesmo que afirmar que *a máis básica lingua da humanidade é o amor*.

Hai un paxaro, chega de lonxe, aniña nos ollos de quen o ve e ao chegar a noite agóchase no alén. A pregunta para **Jaume Coll Marine** podería abrir así: é o paxaro aquilo máis íntimo que o máis íntimo do poema e que, por selo, lle é sempre alleo? Ben sei que hai unha lectura na que a escisión do eu atinxe ao poeta, pero por un intre vou considerar que *eu e poema* son intercambiabes. Diría que é ao dobre escritural a quen engole o bosque. E hai unha casa e un roisinol. Están os cervos, segue habendo bosque e noite. Están os outros que están ben, ti con eles. E un intre no

que é posible ser paxaro e escribir. Sempre hai música, sempre un soño que se lle opón, un avance conceptual. O poema mantén polarizados os opostos e non lle permite ao canto ser música e non lle permite á escritura ser concepto. "E non hai nada;/tan só follas sobre o mundo, tan só un vento que fai que voen/ e di que *eu son*, un eco profundo".

Dores Tembrás é mestra en artes difíciles e diversas, se cadra a que engloba as demais sexa a de non perder o fio. Talvez isto sexa así porque ela é a artífice do labirinto e a dona de todas as chaves que abren ou pechan as casas que alí se construíron para seren habitadas nunha loita feroz co abandono. No labirinto o signo lingüístico séntese en perigo, de aí que a poeta erga estas casas: nelas as palabras poden vivir e nós, con elas, para sempre. Non por estar baixo teito a existencia deixa de estar ameazada, o esquezo roe as lembranzas e os obxectos que o poema logra salvar. Accedemos ao real mediante artes tales como a fantasmagoría, a alquimia, as metamorfoses profundas. Ese fio que engarza e sostén as desaparicións: os cubertos, a roseira transatlántica, dúas galletas, a piscina dos 6 anos. Unha fenda pola que entrar unha e mil veces con tan só unha esperanza, "agardar por un encabalgamento/ cando só hai final de poema".

16

Ninguén é o nome da vida que sobrevive ao naufraxio. A esa vida **Xabier Cordal** cede o seu ser de poeta para que escriba os poemas que asina co seu nome. Cada un deses textos é unha illa e o conxunto, a escolma, un arquipélago. De aí que o océano non poida fracturarse e amor, cando é para sempre, remita á soidade. Soidade, seda ou fonte que é a posibilidade única para que Cordal escriba a procura do náufrago que descoñece o fogar, a non ser que sexa aquel que se lle brinda en cada unha das illas do arquipélago. Aquí, a pregunta de *para que poetas...?* obtén por contestación unha advertencia oracular *recoñecerás o reino do mal/na ausencia das abellas*. Cabería interrogármonos se na ausencia do trobo que algunhas e algúns lle medra debaixo do padal, poderíamos aínda comprender aquilo que permanece e fundan os poetas. *Temes as aves/por que son máis antigas ca os teus ollos*.

Para ser traducido ao galego por primeira vez **José Oliver** elixiu un monllo de poemas inéditos, que coa excepción do derradeiro, xeran na escritura a vivencia da emigración –un diálogo pleno coa obra de Rosalía–. Xa desde “pas de deus” o texto faise cargo da escisión que este tipo de experiencia soporta “Dirías/poderías dicir”, unha greta que atinxe particularmente a lingua de partida e ao propio Eu. É doado para nós sentir e entender un poema coma “miñado negro”, no que se considera a perda das maos obreiras do pai e a súa lingua na neve e no xeo alleos. En “arredor de sétima palabra” o poeta válese da caída da folla para construír a imaxe da bandeira do país de acollida “as follas tinguense de negro(vermello ouro)”; estremece a súa lectura. As violentas diásporas causadas pola guerra tamén son atendidas. Remata a súa escolla cun poema no que a covid reina, así como unha humanidade que se metamorfosea en lobo: “o meu corazón de andoriña o meu corazón de andoriña”.

No ciclo “Catro leituras...”. **Constantino Bértolo** proponnos a audaz reconversión dos conceptos marxistas nunha ars amandi. Non hai mellor lector para estes textos que o anxo das teses *Sobre o concepto de Historia* de Benjamin. Dalgún xeito todos somos ese anxo que impulsado polo furacán camiña sen se poder deter mentres todo sólido esvae e “O ceo (...) Leva nos seus ollos a primitiva acumulación do capital. Despois volve a casa, quítase as plusvalías e dorme”. Sucede que a Memoria captura de tal xeito o poeta que se fai dona de toda a forza lingüística. Intensidade que permite a visión: “Vexo a casa/ das mulleres. A cea, os nenos, o filamento/ pobrín na bombilla, a enunciación do que foi xa devorado polo tempo”. Navia é aquí o nome da nai das musas. É ela a que lle posibilita ao meniño emigrante dicir o nome das mil aldeas, saber de si logo da morte, a posibilidade do regreso. “Síntome coma unha andoriña voando na linde do eterno”.

Remato agradecendo de novo á Casa Rosalía a confianza na miña persoa e aos e ás nosas convidadas os poemas, a presenza e a resposta xenerosa para con Rosalía de Castro.



María García Díaz

Pola de Siero, 1992. É profesora na Universidade Politécnica de Madrid e realiza investigación en información e tecnoloxías cuánticas en colaboración co Grup d'Informació Quàntica (Universitat Autònoma de Barcelona) e co grupo MathQI (Universidade Complutense de Madrid). Como poeta, publicou *Espacio virgen* (Torremozas, 2015), obra ganadora do XVI premio «Gloria Fuertes» de Poesía Joven, que foi tamén finalista do Premio Nacional de Poesía Joven «Miguel Hernández»; *Lírica astraición* (Saltadera, 2016), en asturiano, e *Suave la matriz* (Saltadera, 2018). *Ye capital tolo que fluye* (Ultramarinos, 2021), con tradución ao castelán de Xaime Martínez, é o seu último poemario en lingua asturiana.

*Nosa señora da Barca
Ten o tellado de pedra;
Ben ó pudiera ter d' ouro
Miña Virxe si quixera.*

I.

[...]

As de Muros, tan finiñas,
Qu' un coidara que se creban,
C' aquelas caras de virxe,
C' aqueles ollos de almendra,
C' aqueles cabelos longos
Xuntados en longas trenzas,
C' aqueles cores rousados,
Cal si á aurora llos puñera
Pois asi son de soaves
Com' aurora que comenza;
Descendentes das airoas
Fillas da pagana Grecia,
Elas de negro se visten,
Delgadiñas e lixeiras,
Refaixo e mantelo negro,
Zapato e media de seda,
Negra chaqueta de raso,
Mantilla da mesma peza,
Con terciopelo adornado

Canto enriva de si levan;
Fillas de reinas parecen,
Griegas estatuas semellan,
Si á un rayo de sol poniente
Repousadas se contempran,
Ricos panos de Manila,
Branco e cor de sireixa,
Cruzanse sobre ó seu seyo
Con pudorosa modestia;
E por antr' eles relosen,
Como brillantes estrelas,
Aderesos e collares
De diamantes e de perlas,
Pendientes de filigrana
E pechuguiñas de cera.

Poema escollido por
María García para o diálogo.

Cantares Gallegos, 1863

rash, rash
las botas rascan la piedra molida
rash, rash
y el sol les parte en dos los gemelos
rash, rash
las efeas fuertes
rash, rash
no cuentan los goles
rash, rash
con ojos de aceituneras
rash, rash
imprimen la potencia sobre el bochorno
rash, rash
precoz del mayo madrileño
rash, rash
[¿lo veloz
rash, rash
es bello porque sobrevive?]
rash, rash
el cabello suelto y los calcetines bajos
rash, rash
rayos de caoba
rash, rash
las efeas fuertes no cuentan los goles

Poema de María García
para o diálogo

SERÉ ACASO LA MUYER QUE DESEABA
—entrúgome entá—,
podré selo nestes landes
desplegaes ante min como un xuiciu,
como una operación en mediu la xamasca,
podré disponer los ríos al mio antoxu,
resalvar les llendes de la mano
de xente-brisa-cristal-xuncu

BIOLOXÍA ANACRÓNICA

:
ónde flota,
que la manca la menstruación
non pol puñal sinón pol propósiu

::
¿lleó tanto?
¿abandonáronla tanto?
¿economizó
tanto'l pensamientu?

:::
lláma-y droga al amor
porque la lluz nun existe

MI PIACE CHE TU SIA CON ME
però
mi piace di più che tu sia libera
ye dicir
préstame más que seyas llibre
o meyor
tien de prestame más que seyas llibre

facer del kantianu la mio boca,
¿ye la única manera de vivir?

[CON SINÉCDOQUE ESPLICADA]

les metamorfosis
les metamorfosis
cambéos solemnes, merecen ser narraos

por exemplu, una melena montesa
—entiéndase, una persona—
tornada en bit d'información:
escribiérame
nun m'escibiera, la xamasca Dafne
tan nacarada

o'l so devenir en led que parpaguia

RISCA L'ALBA

los colores del gallu
envuelven el quartu fuera
y un celebru inflamáu
tien de dir a acollechar el granu
tien de dir
a guardar la lleche

ú la impostura

ente la pación, ente les liles
ente'l cuchu tienro
ú la impostura

baxo la lluz incisivo
dime ú'l simulacru

QUIXERA INVESTIGAR CÓMO BROTA LA COLOR

[nes pantalles LCD]

qué paletes se conciben

cuáles s'estierren

y por qué razón lírico-política

dao qu'ellí m'año na xornada

dao qu'ellí se configura la tundra

maleable del imaxinariu

a Simona Forti

:
y si l'ánima una
fuere en realidá dos
venaes lluchando

una estrella binaria
crítica

28

qué sería d'Occidente

::
y si les praderes templeas
fueren —en realidá— glaciares


y si tuvieren la espalda
bien acuartiada pola sede

quién
colonizaría les imaxes

Fundamental laws of Nature often take the form of
restrictions
MATTEO LOSTAGLIO *et al.*

NUN XUBAS
a la mimosal, nun manches
los náuticos,
nun güelas a regla,
nun xibles, nun
andes agorrumbada,
nun achaples la yerba,
nun les quieras
simultáneamente

De Ye capital tolo que fluye (Ultramarinos, 2021)



Nieves Neira Roca

Lugo, 1983. Traballa como xornalista, ámbito no que recibiu en 2020 o Premio Johán Carballeira.

Actualmente desenvolve a súa tese no programa de Estudos da Literatura da USC sobre Uxío Novoneyra, e é colaboradora da Fundación que coida do legado do poeta na serra do Courel. Escribiu o libro *O feitizo de Maruja Roca* (aCentral Folque, 2020) e coeditou *Fulgor. Lectura danzada de Maria Gabriela Llansol* (Ámboa).

Abrid'as as frescas rosas,
Brilad'os carabeles
Do seu xardín, os árbores, vestidos
C'as lindas follas verdes.
Parra qu'un tempo sombra nos prestaches,
A cubriros de pámpanos volvede.
Natureza fermosa,
A mesma eternamente
Dill'os mortais, de novo ós loucos dille
¡Qu'eles non máis perecen!

Poema escollido
por Nieves Neira
para o diálogo.

Follas novas, 1880

Da voz que se curva na súplica
de que o mundo cumpra a súa forma.
Da rosa que pasamos
de man en man e cega.
Non é este o sentido de falarmos,
que a natureza diga o que ti non podes?
Abride, brillade, vestivos
tensade o talo da flor, *volvede*
de deus borrade o nome no poema
louca que teimas en que os pámpanos
abrollen nesta ourela.

A imaxe está preto da nada.
O lugar común é tremor da lingua.
Cantas, pero eu escoito un grito:
brillade, abride, vestivos, volvede
como ti lle dis a ela
abrázame
como a flor cambia de lado.

Pasan polo tempo as primaveras
e a cadea sónica do mundo
desvíase.

Poema de
Nieves Neira
para o diálogo

CINCO POEMAS DE *NEVE DE AGOSTO* E UN INÉDITO

Olla o vimieiro ardendo contra o río.

Olla o laz e as sámaras do freixo.

Olla as mans da luz abríndose na nebra.

Olla: algo reclama, teima, tende as mans
coma un sol intermitente que todo o tempo di:

aquí

aquí

aquí

“dille á pedra que fale
dille
que sorría”
Chus Pato

Amor, corpo mineral
ferida que lanzar ao campo nevado.
Pero aínda neste espazo apertado
cómpre buscar
o que non está.

Fisterra,
latencia que pula o río.

Hai auga dentro da pedra, hai horizonte
o peso nas mans é un desexo esvarando.
Que corpo inverso que se percorre na espera?
na única espera que vale:
*que esta pedra
sostida nas mans
toda ela enteira
ensanche o corpo,
bata*

e ti só poidas xa
entrar no inverno.

Esta postura que se retorce
na violencia coa que as paredes do río
a detectan
coa que entre a auga e a pel
se tende o frío.

E unha voz:
Elixo a quen amar.
Elixo a quen amar porque non podes amalo todo.
Elixo a quen amar porque non podes retirarte.

O teu corpo, o río.
E elixes o máis morto.
Recolles o don co que a folla furada do amieiro
devala en teatro de sombras.

Lonxe,
o lugar no que te inicias.

A luz da pranta.
A gota que a choiva deixou esa tarde
entre unha e outra folla de *inhame*.
A ondulación do bordo onde comeza a ser aire.

Ninguén, aínda así, aínda aquí, coñece o noso segredo.
A fibra que dentro do corpo estira os tecidos
permanece invisible.
O arco co que o planeta completa a súa órbita e segue
dobrándose
no seu desexo.

A luz da pranta
cando a luz de Venus
chega ás nervaduras
e a distancia se converte
nun perfume.

A linguaxe é unha gota de auga.
Pode a palabra dicir dela o que nunca se dixo
e milleiros de cantos apurarse dentro,
milleiros de ollos coma os meus que a viron sola,
a última en evaporarse,
lenta na velocidade que ten a vida
de fuxir.

*A adquisición do sentido é metafórica*¹
unha cuestión de tacto, cando os ollos se debruzan
no ceo e na terra ata verse a si.
Cando a ouvimos falar de nós
quieta
cristalina.
A xoia que o día nos ofrece.

Tomémola.

¹ Paul Ricoeur

Con Elba Rey

Xoias incrustadas no corazón,
os paxaros da mañá.
Veñen do lugar máis fondo,
da madrugada,
do corpo máis profundo que se desperta.
Teñen un nome,
o nome da permanencia.

O aire é meu amigo,
di Uxío n' *Os eidos*.
Amigo dos cantares, o aire,
contra a historia, o mencer,
o aire amigo.

Flexible coma un xunco
coma unha gramínea quieta.
É tarde para descubrirse
nacida do teu corpo?
É a hora na que as pombas
aplauden no silencio.
O río está espertando.
O aire ten un nome.
Porque amamos o que non foi,
é canto do día o mencer.
Da novidade? Da permanencia?

Se a noite cae
caio en ti.
Caio nunhas mans que se xuntaron
no mesmo xesto que as fai beber.

Eu bebo.
Bebo o caer.
Que non precede nin vai.
Que fura a noite
perfora a noite
adonda a noite.

Coma un mar descubre
así a noite retira
a pel feita capa
e déixame e déixanos
volvendo
volvendo
volvendo.

Que din, os paxaros?
A impropia voz.

Cando de mañá te asomas a eles
e o merlo mira entre as follas do salgueiro
a nada que es nel
aquí non acaba.

Hai un lugar para a nada entre os teus brazos na anta
e esoutro corpo de plumas que acariñas.

Ábrese e péchase,
como a noite da lúa no río,
como as pálpebras na extensión dos días.

E se a túa boca se abre para dicir,
se a túa boca se abre para dicir,
é porque antes se abriu para escoitar

os ollos erráticos do merlo
os ollos do cabalo nos ollos do merlo
que se abrazan a ti.

41

O lugar é entón un don,
o *munus* que se reparte nese borde.
Mana coma unha fonte nas paredes brancas da mañá,
vén de ninguén, vén de ningún sitio,
aparece e desaparece
na respiración
no tremor da auga nas follas dos pradairos
no vento que che move o riso con algunha semellanza
con algunha forma deste mundo, o mundo,
deste lugar, que se nos dá de beber cando perdemos a copa,
cando xa non temos outro oficio,
cando non gardamos viña nin ganado.

Se na anta da mañá digo merlo, digo nebra
digo mazaira digo a luz digo a rúa a herba o andar dos gatos,
digo merlo.

Voar é non caber no corpo.

Porque da voz que responde que do pichón
o colar é de *alfóncigo*
de lapislázuli o peito
de rubí as pupilas
de madreperla as pálpebras
*e a aguda punta do bico como o cabo dun cálamo de prata mollado
en tinta,*

de todas as imaxes coas que Ali ben Hisn
quebrou unha mañá de hai mil anos
cun pranto que aquí chega,
a que máis brilla é o *como*,
o salto entre elas,
a luz que ilumina as palabras

como un don a dar.



Tatiana Faia

Naceu en 1986. É autora de quatro livros de poemas: *Lugano* (2011), *teatro de rua* (2013), *Um quarto em Atenas* (2018) e *Leopardo e Abstracção* (2020), e de um livro de contos, *São Luís dos Portugueses em Chamas* (2016). Em 2019, o Prémio Pen de Poesia foi atribuído a *Um Quarto em Atenas*. É uma das responsáveis, com João Coles, José Pedro Moreira e Victor Gonçalves, do projecto editorial independente *Enfermaria 6*. É doutorada em Literatura Grega Antiga com uma tese sobre a *Ilíada* de Homero. Traduziu para português Homero e Anne Carson. Vive e trabalha em Oxford.

onde?

1.

*mollo na propia sangre a dura pruma
rompendo a vena hinchada,
i escribo..., escribo..., ¿para qué?*

Rosalía de Castro, ¡Silencio!, *Follas Novas*

44

os táxis em madrid são os mesmos
mas os jardins mudam
com as suas horas de sombra
e o desassombro e as coisas
que de súbito estão a menos

são apenas três os caminhos
que servem para explicar
a vida de uma mulher
e três os objectos dessa explicação

sabe-se que todas as tentativas de explicar uma vida no fim
soam didáticas e terminam por ser
apenas uma aproximação pobre
e três é de verdade um número aleatório
mas aqui estão os três objectos
a viagem e o relógio e o sono

não são dela
de manhã a cama desfeita
para trocar os lençóis
e deixar a casa vazia
as mãos que juntam a colcha
que fica dobrada sobre os lençóis
e as toalhas húmidas
as janelas que de ausência ficaram por abrir
onde está a libertação?
de onde virá?
e as palavras no caderno
trancadas a cadeado?
e o medo medíocre de uma palavra
a sua longa reflexão entranhada na pele?
e cadê minha liberdade e pobreza?
e perder aviões com a ligeireza da desobediência?
com a alegria de recusar partir?

45

mesmo agora que já não sinto nada, escrevo
sinto como plath
tudo o que há para sentir dentro desse nada
esta hora lê-me como uma agulha lê
a canção esquecida num disco
que ninguém sabia que música encerrava
assim também um lago testa os seus limites
a partir da limpidez e da decomposição
de avanços e recuos de convalescença e cura
da recusa de uma timidez sem paixões

mesmo quando não digo nada
reconheço sempre a vertigem profunda e imparável
do que é preciso dizer

agora que finalmente me fizeste quieta
melhor que não nos tornemos a ver

envelheço começando por perder
o primeiro limite que me ensinaram
deixei de ter medo do esquecimento e da gramática
e dos homens e do seu desespero e da sua esperança
e do desejo

mas preocupa-me ficar sem espaço para os livros
preocupa-me que alguém me dissesse
há três maneiras de explicar a vida de uma mulher
começamos pela faca e pela pena

2.

El viajero, rendido y cansado
que ve del camino la linea escabrosa
que aún le resta que andar, anhelara,
teniéndose al pie de la loma,
de repente quedar convertido

en pájaro o fuente,
en árbol o en roca.

Rosalía de Castro, *En las Orillas del Sar*

47

estou a abrir todas as janelas
para deixar entrar a noite
e há muito que nada
do que me acompanha
é uma educação

estou a coleccionar as pequenas estátuas partidas
imagens amadas dos bosques peninsulares
o que rosalia de castro disse
sobre a alegria e desigualdade das estações
sobre a sua irresolúvel tristeza
começando pelo inverno

e indo até à mais intolerável pobreza
de gente que partiu sem um regresso
voltei ao país para voltar
a esta pobre língua amaldiçoada
que se cola a mim de noite em todos os aeroportos
das muitas coisas que me têm diminuído
ela não é uma delas

adormece de cansaço ao meu lado
sentada no chão
com o abandono de uma criança
e é tão alegre que está sempre pronta para começar
e deixo que me acompanhe porque gosto
do modo como levanta a cabeça
de como os seus olhos procuram os meus
de como o brilho dos seus olhos ofende a escuridão

a noite que entra pela janela aberta é jovem
amo a sua dignidade despreocupada
teimosa, feroz
é uma noite de princípio de verão
com ela chega

a tempestade interminável de alguns rostos
é isto um começo
abrimos a janela então
a tua mão sobre a minha
rodando sobre o trinco
e a camisa azul engomada
nas costas da cadeira
a janela abre-se e fecho os olhos
é o suave limite do crepúsculo
vai desfazer-se o seu aprumo
deixa
não é negociável
a brisa ascende devagar com o rumor da cidade
ficamos em silêncio no escuro
escutando o barulho

lembra-te então das coisas simples

as paixões são irresolúveis
não convidam ao equilíbrio
guardam sempre a sua duração inexplicável de tempestade

e florescem de novo e de novo
com o cuidado da água e do sol
comunicam com os corpos
feitos para a alegria
e para a velocidade dos comboios
alimentam-se de gestos primordiais

que tudo possa ser
é o que quero

Madrid, Lisboa, Oxford, Maio de 2022

distância e corte

1.

duro preto e branco
com apontamentos de vidro azul escuro
assim espelhaste a noite, alekos
e sonhaste que te podia
cortar a cor em certos ângulos
e as portas e as janelas trancadas
as tuas portadas verdes venezianas
num prédio de periferia
numa cidade que não é barcelona
com fontes em pátios interiores e árabes
rodeados de laranjeiras no crepúsculo

agora suspeitas que essa atmosfera verde
é o que lança as garras às garrafas verde-escuro
cheias de vinho tinto
e que de repente o toque esconde
a promessa do seu veneno nessas garrafas
postas em fila sobre o parapeito
na tristeza do dia escolheste
tudo o que era escarlate
e recusaste uma explicação por outras cores
durante todo este tempo
hei-de amar o vermelho
e o seu solitário sangue, disseste,
hei-de fugir para o chiaroscuro
e nada me tocará e de toque nenhum
sentirei a falta

ocupado hei-de andar
de semear plantas em vasos interiores
que subirão verdes por dentro
de livros e paredes
e acrescentas hão-de ser mais sombra
do que as sombras
das persianas semicerradas

com a solenidade dos chatos
que se sentam no silêncio
para mostrar que estão em controlo
mas afinal porque não sabem
bem o que dizer
os teus lábios fecharam-se
num rigoroso risco branco
como te farei eu rir agora, alekos
como seguiremos conversando?

não me serve o chiaroscuro
queria antes o girassol enlouquecido de luz
se mesmo falar de luz
é essa última coisa que me ficou
de ter um dia vivido em lisboa
e a memória afasta-se sempre
agora quer sempre viajar
num voo aleijado arrastando-se
por pátios e alçapões e passagens secretas
nas vilas fechadas no topo das colinas
de onde até os americanos
tiveram de fugir suspendendo
à pressa as suas operações

2.

e de tudo a nós cá no alto
falta-nos a vastidão do mar e do sal
a clareza com que em certas tardes
sem destino a sombra dos barcos
se podia ver no fundo do mar
de tão clara que era a água
nas pequenas vilas para onde fugimos
noutro tempo
e tomámos refúgio da mais banal ocupação
a que não podia ser suspensa
sob pena da nossa obliteração, da nossa morte
da nossa inutilidade revelada
em assos e em fiskardo aldeias longe de tudo isso
na ilha onde haris trabalhava dez horas seguidas
no aeroporto em argostoli e perdia dez kilos
durante um verão de trabalho mal pago

e sonhava com as noites de atenas no tempo livre
e obscuros poetas gay lidos no autocarro
os poetas de uma pátria sem fronteiras
os que ninguém se preocupa em ler
os das mais precisas
educações sentimentais
podia ser que isso fosse
para que uma remota universidade
quase na fronteira com a turquia lhe desse
um grau de doutor em letras

mas é só mesmo porque às vezes nos sentimos
tão vivos e tão reais nas palavras
que outros para nós preparam em parcelas
de amor, cuidado e zanga
que não temos como não querer
passar tempo com elas
passá-las a outros

e foi num dia de folga
que haris acordou muito cedo
e esperou pelo barco em luxuri
para apanhar o autocarro de todos os dias
e se vir despedir de nós ao aeroporto

como podia esta coisa
a mais básica língua da humanidade é o amor
a que mais falta me faz a que não espera nada em troca
e vem até pela alegria dos reencontros
das ligações aleatórias e efémeras
o seu carácter acidental explica os poemas

as janelas agora estão dentro do peito, alekos
como tu pediste que fosse
olha a moléstia que elas trazem
bem ao longe, cerradas até ao centro do tórax
e o tórax é o mais complicado
dos mecanismos de relógio
madeira e metal que se corroem
e corroídos têm ainda de manter tudo a funcionar

alekos, não mentes quando dizes
a humanidade também é um vírus
certo, sabemos que é capaz de coisas
com que não sonhariam os vermes

3.

a chave foi oficialmente declarada
um instrumento da peste
diz-me ghiscardo e ri-se em 1352
ano da peste em florença
um ano antes do decameron
com um dente a menos
no seu sorriso
de outro modo naturalmente perfeito
e explica-me que é absolutamente proibido
consultar o dentista
a menos que se esteja
a sangrar ininterruptamente
ou que a gravidade da infecção
por inchaço
obstrua as vias respiratórias

reduzido a uma dor que piorará
à medida que as semanas avançam
pôs-me a salvo esta provação
de me embebedar todas as noites

insultar os vizinhos
entreter jogos eróticos
ou outros enlevos líricos que seriam pouco produtivos
embora imensamente divertidos
sonharei em vez disso com a cadeira do dentista
como quem sonha com jazer no tapete
no triunfo aliviado de ter recebido
o último soco no nariz no fim do combate
ou com sorte ter cumprido o último
complicado exercício de yoga no tapete

56

e ri-se alto
e passa-me a chave
diz-me que o meu trabalho
é agora trancar os mesmos jardins
que amámos com febre
e desespero e uma largueza
de rios na mais absurda liberdade das manhãs
nas mais povoadas das ruas
desta cidade

guardei a chave no bolso da camisa
por superstição primeiro
e mantive-a comigo muito depois
de terminada esta tarefa triste
pu-la depois num fio em redor do pescoço
para escarnecer um pouco de ti

e para não me esquecer nunca
da cruz em volta do teu pescoço
do teu optimismo barato
e pouco razoável
e das tuas preces
nos adros de igrejas
que atravessas e estão vazios
das tuas noites de chuva
em praças despovoadas
onde contas as tuas súplicas
e os teus sortilégios
e esqueci-me que afinal a tua fé
é uma maneira de seguir a amar o mundo
com uma espécie de esperança
que secretamente é uma teimosia que vai
limando as arestas de coisas impossíveis
e com alegria e luxúria te prendeu à vida
assim como saber que sempre
contei em dizer-te a qualquer altura
voltarei para visitar-te e isso é
por causa do amor que move
il sole e l'altre stelle

4•

explico a ghiscardo que antes dele
sabia apenas de dois ghiscardos
o cruzado francês
que veio da sicília conquistar cefalónia
e veio a morrer
num naufrágio
na costa da ilha no mar da jónia
na pequena vila que lhe tomou o nome
que se corrompeu até dar em fiskardo

58

onde mergulhando num mar cujo fundo
era de pedra e profundo
pela primeira vez pensei não na promessa
certa do precipício, mas em novo voo
e imaginei que aí pudesse
ter ficado o reino de ulisses
e é onde um dia quero
fundar o meu reino entre as tartarugas
e reinar até à velhice
entre amantes, gatos, amigos, filhos e livros

e havia o outro ghiscardo, o amante
de ghismonda no decameron
aquele que o duque de salerno
manda assassinar

enviando a ghismonda
o seu coração dentro de uma taça de ouro
a ghismonda pedia-se-lhe que admitisse
o cálculo evidente
que valia muito mais aquela taça de ouro
do que o coração de ghiscardo

alekos, é verdade
não tenho como arengar contigo
a humanidade é um vírus
mas a cada um de nós que morre
morremos todos

5.

juro-te que vista de delft de vermeer
é o quadro certo para o tempo
desta peste declara ghiscardo
enquanto despe uma camisa às riscas azuis
desaperta o cinto e se livra dos jeans
desequilibrando-se e caindo ao chão
onde metodicamente se desfaz das peúgas
e acaba a atirar a roupa freneticamente
para dentro da lareira pondo-se de pé
em roupa interior magrinho branco
e muito alto no centro da sala
enquanto um incêndio consome

o linho e o algodão
que na china e na américa foram tecidos
pára, hesita um pouco e atira
também o relógio ao fogo

mas vista de delft é um quadro
que faz pouca coisa por mim
neste pestífero contexto
vermeer estendeu a paixão
pela paisagem até não haver tensão
na tepidez do areal mais perto de quem
olha o quadro e assim a controlou
e segurou-a depois à distância
numa precisão cirúrgica e burguesa
uma coisa demasiado esquemática e organizada
bonitas casas vistas no seu perfil
de distância e corte
aviso de que as moradas existem
e têm as suas fronteiras e as suas portadas

esta opulência humana
que com tanto trabalho se ocupou
de fechos e fachadas
de trancas de ferro forjado
e alavancas de madeira
que antecipou os espaços
de uma solidão arrumada

anónima e limpa
e de corpos muito esperados
e cuidadosamente observados
para sempre à distância

bergotte sonha com este quadro
em proust
pouco antes da morte
e proust que se fartou do mundo
achava este o mais belo quadro de todos

6.

esquecer-nos-emos um do outro, alekos
antes que tudo isto acabe
enquanto as nações que nos separam
se fecham como se não respirássemos
o mesmo ar e seguiremos sem conversar

perdendo o nome um do outro
perderemos todas as razões para estar vivos
esquecer-nos-emos um do outro

e tornaremos a recordar-nos

devagar uma manhã florescerá do cansaço

e do confinamento como um ponto limpo num tecido
rasgado, o primeiro que emenda o rasgão
e pela bruta alegria da vida
de dentro da tua garganta ou da minha
brotará um ramo endoidecido de folhas e flores
com as jovens cores das macieiras e das magnólias

e um dia muito mais tarde tu vais contar-me
de como saltaste as vedações
do jardim botânico em leiden
certa madrugada
para abraçar as magnólias
enlouquecido pela falta que te faziam
os corpos dos amigos
e vamos rir-nos porque vamos pensar
que tinhas enlouquecido temporariamente

ghiscardo acena e diz
vai ser como naquele outro quadro de vermeer
jovem com jarra de água
aquele onde ela parece estar sozinha
prestes a abrir a janela
mas afinal mesmo o mais irrelevante
dos gestos é uma conversa em murmúrios
o sussurro perto das tarefas de todos os dias
que fazem o mundo girar

mas a alegria que isso me traz é ainda mais profunda
como as marcas do tempo
na presença invisível e próxima
no respirar quase inaudível
de quem respira no lugar de um amigo
a observação da proximidade
e da luz segundo a segundo
quando junto à janela e no rosto dela
começam a emergir o sol e as vozes

Oxford, 5, 6 e 9 de Abril de 2020



Jaume Coll Mariné

Muntanyola, 1989. É escritor e músico. Publicou os poemarios *Quanta aigua clara als ulls de la veïna* (2014) i *Un arbre molt alt* (2018). É baixista do grupo Obeses. Forma parte do consello editorial de *Reduccions* e de *La Lectora*.

Rosalía de Castro

i

Al fons del fons de les entranyes hi ha un desert
que res no l'omple; ni els camps, ni els lliris, ni aquest verd.

ii

Tremola el món; i ens amaguem dins la ferida
que s'obre i ens acull. Anem ferits de vida.

iii

No gaire res: un mot, un ritme que es desfà.
Som un alè, un gest que es perd rere una mà.

iv

No gaire res: la nit que ve i m'agita el cor
com bat el vent a dalt l'alzina, i després mor.

v

A dins se'ns hi fa l'ombra i al cel s'hi fa una llum.
I caminem com una flama que es consum.

vi

Com lladruca el gos negre, el gos negre del mar,
que em vigila una pena que no sé com cantar.

vii

Com lladruca el gos negre; ara sento que puja.
Ve a vetllar-me la pena amb els ulls de la lluna.

Rosalía de Castro

i

No fondo do fondo das entrañas hai un páramo
que nada o enche; nin lirios, nin verde, nin campos.

Traducións
a galego de
Jesús Castro Yáñez

ii

Treme o mundo; agochámonos dentro da ferida
que se abre e nos acolle. Estamos feridos de vida.

iii

Pouco máis: palabras, un ritmo sen moito afán.
Somos un alento, acenos perdidos tras dunha man..

67

iv

Pouco máis: a noite que vén e me sacode a alma
como o vento axita as follas, e logo queda en calma.

v

Por dentro sáennos sombras e no ceo saen luces.
E camiñamos cunha chama que se reduce.

vi

Canto ladra o can negro, o can negro do mar,
que me garda unha pena que non sei ben cantar.

vii

Canto ladra o can negro; cada vez máis forte.
Vén velarme unha pena coa lúa na fronte.

L'ocell

I aquell ocell que vola i ve de lluny,
que s'acosta per l'ombra i el besllum
i dalt el cel que encercla el món ho veu
tot diminut i amb l'ala fa que ho cull,

ara s'esmuny i es perd entre el reflex
del sol que es va ponent, i amb un vol lleu
d'aquells d'ocell feliç de ser un ocell
s'envola i ve, i es posa dintre l'ull

68

que l'haurà vist. Sol, dins el niu novell,
fitant un cel estrany ple de remors
i d'un passat que no són ell, s'enlaira,
distret i nou, i amb cant desfigurat

se'n va a buscar l'ampit que el portarà
per dalt les branques del revolt darrer.
Serà entre roures, pins i algun xiprer.
Serà tot ell el dia que se'n va.

I aquell ocell que vola i és lleuger
s'amaga cel enllà, ara que és nit,
s'esmuny per entre els dits, i va escampant
allò que ha vist —que veu—, allò que és meu.

Quanta aigua clara als ulls de la veïna
(Ed. de 1984, 2014)

O paxaro

E aquel paxaro que voa e vén de lonxe,
que se achega pola sombra e que enxergo
e alá no ceo que arrodea o mundo todo
o ve diminuto e coas ás fai que o recolle,

agora foxe e pérdese entre o reflexo
do sol que xa se pon, e cun voar leve
deses de paxaro feliz de ser paxaro
engala e vén, e pousa dentro do ollo

que o viu. Só, dentro do niño novo,
fitando un ceo estraño cheo de rumores
e dun pasado que non son el, bota a voar,
distráido e novo, e cun cantar desfigurado

vai buscar o peitoril que o levará
por riba das pólas do último relanzo.
Entre carballos, piñeiros, algún ciprés,
todo el será o día que se vai.

E ese paxaro que voa e é lixeiro
agóchase alén do ceo, agora que é noite,
foxe por entre os dedos e espárese
iso que viu —que ve—, iso que é meu.

Quanta aigua clara als ulls de la veïna
(Ed. de 1984, 2014)

Finestra d'estiu

La nit intenta entrar al meu quarto.
Unes papallones de nit també intenten entrar al meu quarto.
Empenyen la finestra i s'hi colpegen
amb els seus cossos petits i marrons que sonen
com pluja lenta i gruixudíssima
que esclata contra el vidre. Els crits
dels gossos també xoquen contra el vidre,
reboten i es rebolquen
i xoquen sense gaire esforç. Una mica més lluny,
amagats i encongits pel pes dels arbres,
hi ha un grup d'ocells, que criden.
I algú que és com jo i no sóc jo,
però se m'assembla i m'imita, em mira
i empeny el vidre des de fora, amb la nit
a les espatlles i un exèrcit d'insectes voladors
i llums de pobles i d'estrelles al damunt
que em volen prendre el quarto.
Tot tremola un moment
per quasi desaparèixer i tornar al seu
estat normal de nit quan tanco el llum,
i el bosc s'empassa el meu doble
i un pes feixuc i fosc s'adorm darrere el vidre
i un pes feixuc i encara més fosc comença a empènyer endins del cap
per sortir enfora i poder tornar, demà,
seguit per nous exèrcits fets de nit
que voldran, de nit, tornar-me a prendre el quarto.

Fiestra de verán

A noite intenta entrar no meu cuarto.
Unhas avelaiñas tamén intentan entrar no meu cuarto.
Empurran a fiestra e baten nela
cos seus corpos pequenos e marróns que soan
coma chuvia lenta e grosísima
que estrala contra o cristal. Os berros
dos cans tamén chocan contra o cristal,
rebotan e envorcállanse
e chocan sen esforzo. Un chisco máis alá,
agochados e encollidos polo peso das árbores,
hai un grupo de paxaros, que chían.
E alguén que é coma min e non sou eu,
mais que se me semella e me imita, mírame
e empurra o cristal desde fóra, coa noite
ás costas e un exército de insectos voadores
e luces de vilas e de estrelas por riba
que queren tomar o meu cuarto.
Todo treme un momento
ata case desaparecer e tornar ao seu
estado normal de noite cando apago a luz,
e o bosque engole o meu dobre
e un peso fatigoso e escuro adormece tras o cristal
e un peso fatigoso e aínda máis escuro dá en empurrar dentro da cabeza
para botarse fóra e poder tornar, mañá,
seguido de novos exércitos feitos de noite
que queren, de noite, volver tomar o meu cuarto.

Alba

M'aixeco, i fas que dorms,
i et mous, però no gaire,
per dir que no, que vols
venir; però tens mandra.

Te'n vas dins els llençols,
que hi ha una foscor blava;
t'hi amagues, tot es pon,
i saps que ets tu que marxes.

Apago el llum, tens son,
tots dos sortim de casa:
anem per carrers torts,
antics, i cap a l'alba.

Quanta aigua clara als ulls de la veïna
(Ed. de 1984, 2014)

Alba

Érgome, e fas que dormes,
e móveste, sen moita gana,
case dis que non, que queres
vir, pero que tes galbana.

Hai unha escuridade azul
cando te perdes nas sabas;
cóbreste, e todo se pon,
e sabes que es ti que marchas.

Apago a luz, tes sono,
saímos os dous da casa:
andamos por rúas tortas,
antigas, e cara á alba.

Quanta aigua clara als ulls de la veïna
(Ed. de 1984, 2014)

Verdaguer

Vaig sentir un rossinyol que cantava dins del bosc,
i caminava i a vegades el sentia més fort i a vegades més fluix,
i quan em semblava que m'hi acostava i el tenia damunt meu
i només havia d'alçar el cap per veure'l
o d'allargar la mà per agafar-lo, que els arbres
i les plantes i muntanyes es feien grans
i tot era net i brillava amb una llum molt clara i natural,
ell callava un moment de dins els esbarzers o a dalt
d'un auró jove, i era petit tot el que veia;
i caminava més, i el sentia un altre cop,
però més lluny. I jo li seguia les cançons
de cada dia i cada nit, i ho vaig fer
durant molt temps, fins que en vaig aprendre algunes,
però cantades malament. Llavors, quan marxava del bosc,
i caminava pels carrers d'alguns pobles i ciutats
que no em sabia, me les deia per dins o en veu molt baixa,
o me'n feia de noves, per més tard. I només
hi vaig tornar de tant en tant, en aquell bosc,
per sentir com es refeia tot sencer amb el cant
d'un rossinyol, i per menjar, quan era estiu,
algunes móres, d'aquelles dolces i brillants.

Verdaguer

Sentín un rousinol que cantaba dentro do bosque
e camiñaba e ás veces sentíao máis forte e ás veces máis frouxo,
e cando me parecía que me achegaba e que o tiña por riba
e nada máis tiña que alzar a cabeza para velo
ou estender a man para o coller, que as árbores
e as plantas e as montañas se facían grandes
e todo era limpo e brillaba cunha luz moi clara e natural,
el calaba un momento entre as silveiras ou sobre
un pradairo novo, e era pequeno todo o que vía;
e camiñaba máis, e sentíao outra vez,
pero máis lonxe. E eu seguíalle as cancións
de cada día e cada noite, e así o fixen
durante moito tempo, ata que aprendín algunhas,
pero mal cantadas. Entón, cando marchaba do bosque,
e camiñaba polas rúas dalgunhas vilas e cidades
que non coñecía, dicíaa para min ou en voz moi baixa,
ou facía outras novas, para máis tarde. E tan só
volvín de cando en vez, a aquel bosque,
para sentir como se refacía todo co canto
dun rousinol, e para comer, cando era o verán,
algunhas amoras, desas doces e brillantes.

Els cérvols

En tu i en mi
M. M. MARÇAL

I s'ho enduu tot, el bosc: tan gran, tan net;
i avui fa vent, i plou, i jo tinc fred,
i no tinc son.

I s'ho enduu tot, el bosc, i vull dormir;
que avui fa vent, i plou, i sóc al llit,
i no tinc son.

I avui fa vent, i plou, i jo tinc fred;
i el bosc és gran, avui, el bosc d'hivern;
i no tinc son.

I avui fa vent, i plou, i sóc al llit,
que el bosc és gran, amic, aquesta nit,
i no tinc son.

Que el bosc és gran, avui, i ve l'hivern,
i tu no véns, amic, i jo tinc fred;
i no tinc son.

Que el bosc és gran, avui, en tu i en mi,
i no vindràs, amic, aquesta nit;
i no tinc son.

Un arbre molt alt (Ed. 62, 2018)

Os cervos

En ti e en min
M. M. MARÇAL

E todo o leva, o bosque: oco e extenso;
e hoxe vai vento, e chove, e vai fresco;
e non hai sono.

E todo o leva, o bosque, e quero durmir;
que hoxe vai vento, e chove, e sigo aquí,
e non hai sono.

E hoxe vai vento, e chove, e vai fresco;
e o bosque é extenso, hoxe, no inverno,
e non hai sono.

E hoxe vai vento, e chove, e estou aquí,
e o bosque é extenso, amigo, non ten fin,
e non hai sono.

Que o bosque é extenso, hoxe, co inverno,
e ti non ves, amigo, e vai fresco;
e non hai sono.

Que o bosque é extenso, hoxe, en ti e en min,
e non virás, amigo, nin vexo o fin,
e non hai sono.

Transibo et istam vim meam

Agustí, *Confessions*, X / VI-VII

I em vaig girar a les coses i vaig dir:

És aquí? És aquí amb vosaltres?

I les coses i la terra amb tots els arbres em van dir: *No, no és aquí.*

I em vaig girar al cel i a les estrelles i vaig dir:

És aquí? És aquí amb vosaltres?

I el cel i els ocells i les estrelles em van dir:

No, no és aquí; no és amb nosaltres.

I em vaig girar, després, cap al mar i els seus abismes, i vaig dir:

És aquí? És amb vosaltres?

I el mar i els seus abismes em van dir: *No, no és aquí.*

Llavors em vaig girar cap a un pou molt fosc i fondo

que em van dir que no acabava, i vaig dir:

És aquí? És això, el que busco?

I una veu que era mig meva em va dir: *No, no és aquí.*

No sabem què busques. Nosaltres som aquí, i estem bé,

i tu ets aquí amb nosaltres. No sabem què busques.

No ho sé. Tampoc sabia dir-ho.

Transibo et istam vim meam

Agostiñode Hipona, *As Confessions*, X / VI-VII

E volvinme cara ás cousas e dixeran:

Está aquí? Está aquí convosco?

E as cousas e a terra con todas as árbores dixerónme: *Non, non está aquí.*

E volvinme cara ao ceo e as estrelas e dixeran:

Está aquí? Está aquí convosco?

E o ceo e os paxaros e as estrelas dixerónme:

Non, non está aquí; non está connosco.

E volvinme, despois, cara ao mar e os seus abismos, e dixeran:

Está aquí? Está aquí convosco?

E o mar e os seus abismos dixerónme: *Non, non está aquí.*

79

Daquela volvinme cara a un pozo moi fondo e escuro

que me dixeran que nunca acababa, e dixeran:

Está aquí? É isto o que busco?

E unha voz que era medio miña dixo: *Non, non está aquí.*

Non sabemos que buscas. Nós estamos aquí, e estamos ben, e ti estás aquí connosco. Non sabemos que buscas.

Non o sei. Tampouco sabería dicilo.

Inédito, 2021

El corb que hi ha a l'auró del camp de sota a casa

Amb un tema de Georgi Konstantinov

Ho veig des d'aquí dalt:
l'església, els camps, la casa i aquells roures.

Me'n pujo a aquest auró i ho miro tot;
després només espero.

I quin moment, quan l'arbre estén les ales i esbatega una mica;

quin moment, quan les potes se'm tornen com arrels,
com aquest lila d'avui, com aquell lila d'ahir,
que se'm tornen com arrels;

quin moment, quan els ulls se'm fan de roures i de merles i de res,
i tot fa que ho reculli,
des d'aquest auró pelat, sol, des d'aquí, que ho miro tot;

quin moment, quan l'aire se'm fa plomes i fulles i branquetes,
quan tot se'm fa ruïnes que no em cal ordenar,

quan caic i nego els camps, quan caic i asseco els camps,
quan caic i glaço els camps,

O corvo que está no pradairo do campo que hai debaixo da casa

Canda un tema de Georgi Konstantinov

Véxoo desde aquí arriba:
a igrexa, os campos, a casa e aqueles carballos.

Subo a este pradairo e míroo todo;
despois só espero.

E que momento, cando a árbore estende as ás e as bate un pouco;

que momento, cando as patas se me volven coma raíces,
coma esta lila de hoxe, coma aquela lila de onte,
que se me volven coma raíces;

que momento, cando os ollos se me fan de carballos e de merlos e de nada,
e todo fai que o recolla,
desde esta pradairo pelado, só, desde aquí, que o miro todo;

que momento, cando o aire se me fai plumas e follas e varelos,
cando todo se me fai ruínas que non cómpre ordenar;

cando caio e anego os campos, cando caio e seco os campos,
cando caio e axeo os campos,

quan baixo massa ple i quan baixo sec,
quan bufo de ponent i els ulls se'n meravellen;

i tot és davant meu, el món, tot en desferra,
terrible i lluminós com ho soc jo.

82

I quin moment, quan callo enmig del vespre
i ho tapo tot de blau;

quin moment, quan només hi ha un esbatec,
i tot es repeteix.

Inèdit, 2021

cando baixo cheo de máis e cando baixo seco,
cando sopro de poñente e os ollos se marabillan;

e todo está diante de min, o mundo, todo é cascallo,
terrible e luminoso como eu son.

E que momento, cando calo no medio da tarde
e o cubro todo de azul;

83

que momento, cando hai só un bater de ás,
e todo se repite.

Inédito, 2021

Com les fulles

Hi ha aquella fulla enmig de l'aire
que no es veu bé si fuig o espera,
i és un enyor i un mig voler,
com una excusa arran de vespre.

Com el moment d'abans del son,
com el moment després del son,
aquell moment que res té centre
i no dius res, ni res respon,

i tot es perd, sorolls i coses,
llavors que tot és una calma:
un *no* quiet i un *no* més gran,
com d'una fosca que s'escampa.

I res es mou. I no hi ha res;
només les fulles sobre el món,
només un vent que les enlaira
i una remor que diu que *soc*.

Inèdit, 2021

Como as follas

Hai unha folla no medio do aire
que non se sabe se espera ou marchará,
e é unha nostalxia e un medio querer,
como unha escusa a raiar no serán.

Como ese momento antes da sesta,
como ese momento despois da sesta,
ese momento que non ten un centro
e non dis nada, nin nada contesta,

e todo se vai, ruídos e cousas,
daquela que todo está en calma:
un *non* quedo e un *non* máis grande,
como unha sombra que se espalla.

E nada se move. E non hai nada;
tan só as follas sobre o mundo,
tan só un vento que fai que voen
e di que *eu son*, un eco.

Inédito, 2021



Dores Tembrás

Bergondiño, 1979. Licenciouse en Filoloxía Hispánica en 2001 e en 2008, despois de anos investigando e diferentes estadias en Suecia, Madrid e Buenos Aires defendeu a súa tese doutoral: *La obra poética de Alejandra Pizarnik. Arquitectura de un desencuentro*.

En 2009 publicou o seu primeiro poemario, *O pouso do fume*. A partir dese momento sucédense os traballos poéticos: *Esquiagrafías*, *Diapositivas a clareo*, *Silabario* e *Opium*. En 2013 gañou o Premio de Poesía Concello de Carral co libro *Cronoloxía da urxencia* e en 2016 publicou a plaquette *Auga a través*.

O seu primeiro libro de poesía infantil, *O peizoque Roque* ve la luz en 2012.

O seus textos foron traducidos a diversas linguas (vasco, catalán, español, inglés, alemán, ucraíno, croata, búlgaro e estonio) e incluídos en revistas, obras colectivas e antoloxías de difusión internacional.

En 2014 funda xunto á escritora Antía Otero o proxecto cultural Apiario, cunha área dedicada á formación, con cursos de escrita creativa e poética, e outra á edición de libros. En ambas acadan diferentes recoñecementos e galardóns ao longo destes anos.

acurtado o osíxeno
ela
mecanizar cada exhalación
ollo que apresa a entreluz
coa vista fixa

unha cesura
a breve flexión nas pernas
xémea
ao abismo sobre os polegares

intento van
de reproducir o zunido das abellas
lonxe o sen alento
nin severidade
nin furia
o pescozo corintio
antes de

a fuxida de min
o abandono
a fuxida de min

inútil diafragma
e a cegas ortigarme
no ar denso
aniquilada a primavera
desterrado o canto do paxaro

sen inclinación de vértebras
admirar o ángulo da renuncia
que sostén os ombreiros

*nin pousar en ramo verde
nin beber da auga clara*

se nada hai xa
de quen calibraba a luz
na miña boca

Este texto dialoga co
poema de Rosalía:
"Meniña, ti a máis
fermosa, de
Cantares gallegos, 1880

cartografía de palabras
repetir cada signo
dentro da cuadrícula
papel en branco
pozo infindo
as palabras esvaran
por iso sempre cuadrículas
para salvalas
pequenas casas
onde vivir para sempre

recibir anacos de louza apenas
pezas descunchadas inmóviles
e naquela vitrina atemporal
descubrir selos e estampas de mortos
cubertería de alpaca verde
sabor inconfundíbel na sopa
daguerrotipos con cirurxía a lapis
e imaxinar intertítulos cos ollos abertos
perseguir a couza asasinándoa a palmadas
na loita pola madeira
aínda que en segredo
o seu labor me fascinara
e chegar ás escaleiras últimas que
levaban aos segredos
aos frascos vellos con recendo a menciña

91

baixar amodo
non caer
sortear o recendo do leite tépedo
e mirar por entre as contras
todo o que non pasaba

morreu
de peste
o limoeiro

vina chegar
dende a fiestra
tantas tardes
as follas negras
os citróns secos
ula prata aceda?
as espiñas da infancia
aínda infectas

amarotes nos balados
camiño da escola
saltóns
miñocas
dúas galletas na man
ata a cancela aberta
para chegar onda o punzón
e na cociña
a Sra. Antonia
chop chop a confitura

dende entón
o corazón
coma o marmelo

balorecido

e non houbo amparo
naquela mañá do vinteseite
o ceo caído
na ponte da marquesa
para a nena
que viu pasar os veloces cabalos do Rei
embarradas as medias
e era mágoa
el nin sequera escoitara os aplausos
ela pensaba
ata a escola
7 km

os demais pasan
e ti apoiada na corda
déixaste negativar
revelada con vapor de mercurio

no corpo
algo de ferro fundido
de cádavo mollado
de fume extinto

os outros
non saben
pero miran de esguello
á que desafia a gravidade

todo preñado de fume
brazos tisonados
ela miraba levedar o pan

sabendo que o horreo podreecería
trala morte
que non habería maínzo que gardar
o aramio do tendal roto
as vacas esganadas por calquera mazá
a roseira trasatlántica segada coma herba mala
ninguén máis fregaría a cociña de ferro
a couza dona da casa perforando vigas
cadeiras
colchas

maldita mirada sabedora
porque eu quería que non souberas
quería que o forno non rebentara
para esquencerme da túa morte

ti xa sabías
e fixeches que enxertar
se convertese
na cicatriz herdada
que os meus pés pisaran a uva
era só a excusa
para aprehender o prodixioso
como por casualidade

amor
que sostés os meus pulsos coma se foran
cuncas diminutas de cerámica chinesa

98

e non sabes que as cereixas
deixaron de medrar
ata que volvas

non é o regato a extinguirse
en negativo
perspectiva horizontal
buxo seco
ou espiño
en papel salgado

Talbot
osma pola Ofelia
aínda nena
coroa de prímulas
retida
en lente convexa

procurabas para min
cristais pintados
lonxe
efimero
bafo na lente do peito
ou hedra

tarde aquecida
de alento na caluga
amor

levedades de cloruro
a riscarme a pel
e ti
tan exacto
que non albiskas
o desexo
do positivo

*como nace a alta herba na campía
ou turbo pola pel entra o desexo*

E. L. Baleirón

mírote afiar a gadaña

non quero as formas mortas
de Rimbaud no ouvido
nin metáforas
nin risos intelixentes
nin badaladas

agardo pola túa man
ou por ti
polo movemento
para
facerme
redondel

mentres vexo caer
a herba
rendida

avelaíña alucinada
cavar no silencio?
cavar o silencio?
partícula que abro a navalla
omnipotente

102

ti eras a luz

non o sabías?
a lo menos deixarme has
o dereito
da última réplica

desafiuzada

enxertas
a túa palabra
no peito

ilimitándome

ENTELECHEIA

subliño a caste

brazos

ou ponlas

inclinándoteme

pero xa era túa

no óso

que apodrecía

sostida

camiñar a tarde
pousos de pedra
para abellas
baixo o teu índice
luminiscencia secreta
dos hexágonos
contra o padal

eu demorábate
(o mel a penas)
no gosto da cera
entre os dentes

PATIENS

afirmarme
inventariar cada fío
desta ascese
imposta

106

na anticipación
moreiras
que nutrirán
vermes de seda

era a promesa sen verbo
ou casulos perforados

Liberetto

apalpar o corpo
procurar ese lugar aloxado en min
coma mecanismo
que se executa sen permiso

ti sabes
a rapiña da auga
ese frío encarnado nas meixelas
a aldea no asedio

volver á ferida
a escrita sostida na ferida
sempre o manancial
que nutre palabras desobedientes
unha non permite que cicatrice
porque se non
onde buscar a piscina dos 6 anos?
o corpo miúdo afundíndose
os choros
alí mesmo
a anguria das xemas
percorrendo as portas acaroadas
os panos negros
a desnatadora
todas as perdas

a fenda
non deixar que cauterice
mirala de preto
soportar o cheiro
distinguir as febras
dar co colapso líquido
o músculo fibrilando
atender ao que cada nervio desata
discernir
coma nun instrumento
a altura que ansías
enxertar o poema

que prenda

a obsesión
o que me salva

ten medida a esperanza?

acordar noutra altura
o peito entalado
sen reverso
un asedio de liques
perpetrando o espolio

non ten forma de súplica
nin de pregaría
son os berros primixenios
anunciándolle ao corpo
a fin

estás a chorar, non é?

fechar a porta con chave
para que non entre a auga

esperanza

agardar por un encabalgamento
cando só hai final de poema

aquí

non hai terra mítica
a extinción daquel tempo
non devirá en lenda

a que
esta adicción á memoria?
despregar as engurras
do liño que non se fiou

110

ningún cataclismo

salvar a aldea
non hai intriga
nin misterio
só o uso do plural
conmove
porque estamos no noso sitio
ata que a auga nos cegue



Xabier Cordal

A Coruña, 1965. Comeza a publicar poesía en 1993 (*Arianrod*) tras a súa etapa como membro do colectivo Ronseltz, que se dissolve antes de dar ao prelo *Unicornio de cenorias que cabalgas os sábados* (1994). A partir de aí chegan *Fruto do teixo* (Premio Eusebio Lorenzo Baleirón, 1994), *Afasia* (1997), *A vella peneira a noite* (2001), *transmuta* (2012, Premio da Crítica Galicia 2013) e *resistencia da auga* (2018). Guionista, letrista de cancións e colaborador en revistas de crítica e ensaio, debuta como narrador con *Relatos para televisión* (2019). Durante estes trinta anos, publicacións e antoloxías dentro e fóra de Galicia recollen parte da súa obra.

Falo en nome de ninguén
Porque ninguén é quen vai buscando
Devanceiros entre as rúas molladas
Gaivota branca do cabo do mundo

112

Porque océano é cada sol acabado en paraíso

E así marcha o vento
Entre lousas molladas
Orballo
Lento devanceiro en nome de ninguén

cres posible que un océano azul
parta en dous?

Canto máis te alonxas da chaira brillante do mar
máis e máis se agranda. Así o amor
dentro do corpo
Se cadra poidas pasear as ondas
que van, que veñen
–parecen dialogar sen fin
pero só é un animal que respira-
e brindar
o dorso da man á fresca espuma
O desexo é un deus

Se o amor queda para sempre
volve á túa soidade

os ríos, despois da guerra, xa non falaban
deixábanse arrastrar
grandes e mortos

as fontes, polo contrario
comezan sempre
aprenden a pronunciar sílabas

na fonte
semella parte dun caos
a palabra silencio silencio silencio
ferve a boullón, estoupa
contra a laxa da caverna
son iguais milenios por vir ou pasado
os mesmos ecos remotos
remexen os melismas da auga, rompen
a notación das minúsculas esferas

unha fonte e outra fonte
manan enxordecen

fragmentos
unha e outro e outra outro
dormen
cristais de cuarzo en quen dorme
un exilio miserable sobre os cartóns da historia

meu amor
non permitas ao tempo
enteiras as nosas palabras
aprender oracións

secan o barro
igual ca un imperio o seu río

as fontes veñen de lonxe
de nós, lonxe dentro
as fontes
nada permanece

Cumprín con calma, examinando o teito
o meu ceremonial de terror

O pracer do animal branco
que navega sobre as cadeiras
pesa coma febre

Chove fóra

Pensei que te irías para sempre
Pensei que quedarías para sempre
Os ollos fixos
coma a radio acendida
Un zunido de abella

Levantaba a persiana
e volvía ser noite

Chove fóra, noutro idioma
sobre o lousado gris. Os restos de luz do farol
fan brillar as veas dos regueiros

a radiografía das vidas pasadas, os charcos
son un libro de seda cando escollo amarte

TEMES as aves
porque son máis antigas ca os teus ollos

pasas páxinas coma quen separa seda
recordas; nunca un libro e o río repiten a mesma frase.

Aprendes a escoitar outra vez
o episodio do centauro. O centauro, coñecedor da arte
de curar feridas de guerra mediante plantas, louva
a serradura de prata de Laurión para ensumilas, e mellor aínda
a humilde aquilea

118

máis alá, na estribor do mundo
un gravado fai levitar o lenzo sobre liño
onde foi pincelada a herba dos carpinteiros con pulso minucioso
a herba da rula
Un Mestre ofrécecha entre o polgar, o índice e o amencer
para que entendas

son os seus talos os talos verdes do tempo
a danza do si e do non

auspician a fortuna

*a Mariam Ferreira
e Chus R. Piñeiro*

Díxome Heloísa, unha tarde
(si, recordo os detalles; creo que foi a través de Píndaro
e daquel presente que se negara en agosto, onda a Penalba
a marchar co resto do tempo
ao lombo do Sil escuro)
que poeta
era quen permitía nacer un trobo
debaixo do seu padal

Entón vino
vin como as abellas suspendían tardes enteiras
ingrávidas e quentes, encima das súas alas
o zumbido doce do outro mundo

Pasou un século
Ninguén o saberá dicir, baleiros os trobos
nada promete esta vez a terra baldía
que fora estación de paso e só damos falado de símbolos
O vento enfermou

Recoñecerás o reino do mal
na ausencia das abellas

a casa está en todas as direccións. Hai un tocadiscos posto
[Cantares Gallegos, 7]

mira

recollo a cociña
co mandil marrón

frego

o compás seis por oito
despeza ao chocaren os pratos

120

o meu país
fora
unha célula
dera formado a pel, o intestino

o efecto doppler
vaise afastando a tarde

pasan carros, camións, sereas
é lonxe cando o sol se deita
nos meus tímpanos

coma cousa de encantamento
bate o eco dunha voda
e dous homes
marcan na mesa
que está cuberta
por un mantel
o ritmo da estirpe

...

e a noi
e a noi
e a noite

a noi
a noi

brilla en ti, vinilo negro
a agulla vai e vén

miras
o azul que desaparecera
ninguén había chorar

o domingo á tarde desfixose escuro
encaixa na pantalla
Paras. Gravas a quietude
ao voltar da festa

o aire fresco
levanta o teu vestido

unha coroa de estrelas
xira sen rumbo



José F. A. Olivier

De orixe andaluza, José Francisco Agüera Oliver nace no ano 1961 en Hausach (Selva Negra/ Alemaña), onde vive e traballa como poeta, ensaísta e tradutor. Entre outras distincións recibe o Premio Adelbert von Chamisso (1997), o Premio de Cultura de Baden-Wurtemberg (2007), o Premio de Poesía da Cidade de Basilea (2015), a Cátedra de Poesía Liliencron (2019) e o Premio Heinrich Böll (2021). Profesor convidado no MIT (Cambridge/USA), na Universidade de Cork (Irlanda), Universidade Politécnica de Dresde, Universidade de Múnich, e, xunto con Terézia Mora, na Universidade de Bayreuth.

Publicacións. Selección:

Fahrtenschreiber (Poemas, 2010); *Fremdenzimmer* (Ensaíos, 2015); *sorpresa, unverhofft – Lorca, 13 Einschreibungen.* (2015); *21 Gedichte aus Istanbul, 4 Briefe und 10 Fotow.orte.* (2016); *wundgewähr.* Poemas (2018); *Zum Bleiben, wie zum Wandern – Hölderlin, theurer Freund. 20 Gedichte und ein verzweifeltes Lied.* 2020 (xunto con Mikael Vogel)

José Oliver funda en 1997 o festival de literatura "Hausacher LeseLenz" (www.leselenz.eu), do que é curador. Desenvolve xunto coa Literaturhaus de Stuttgart obradoiros de escritura para alumnos e alumnas de escolas e institutos, así como programas de formación para profesores no centro pedagóxico de literatura da mesma Literaturhaus.

pas de deux

ich könnte sagen ich bin traurig wie ein meer im hafen Du
würdest sagen ruf die sonne in den verwaisten zeugenstand Ich

könnte sagen ich föhl den mund der sachten einsamkeiten Du
würdest sagen der küchenstuhl der küchenstuhl Ich

könnte sagen ich bin vernarbt aus zärtlichstunden Du
würdest sagen das wort ist niemals frei von fluchten Ich

könnte sagen ich hab gezähmte angst vor furcht
Du würdest sagen das kind ist quell und schacht zugleich Ich

könnte sagen ich liebe dich Du
würdest sagen wer streichelt deine wunderschmerzen Ich

könnte sagen der tod wird immer uns-präsenter Du
würdest sagen er hat doch einfach nur sein amt Ich

könnte sagen wie lebt es sich als kriegler Du
würdest sagen mach scheu dein eigenwild Ich

könnte sagen wie mütter väterschauen in den vätern Du
würdest sagen der atem verschnürt die atemzüge Ich

könnte sagen hörst du mir manchmal wirklich zu Du
würdest sagen nimmt dich dein mund nicht auch ans ohrIch

könnte sagen leibgeld & welt verreimt sich pur Du
würdest sagen das dichten ist ihr elendsschnitt Ich

könnte sagen du bist mir lust & zeitmetapher Du
würdest sagen auch uhren sind nur nackte füße Ich

könnte sagen das brot, aber das brot ist alt Du
würdest sagen das letzte hemd ist leer vor taschen Ich

könnte sagen du wiederholst dich mir in dir & mir
Du würdest sagen die tage bündeln jede nacht Ich

könnte sagen du hast doch keine ahnung von meinen
[w:anderstiefeln Du
würdest sagen dein schwalbenherz dein schwalbenherz Ich

könnte sagen die flügel haben wunde knie Du
würdest sagen die hand spürt alle eitelkeiten auf Ich

könnte sagen ich träum nichts mehr als D:ich Du
würdest sagen auch illusionen kennen letzte weiden Ich

125

könnte sagen wo sind weshalb wieso warum Du
würdest sagen vergiss die antwortfragen Ich

könnte sagen erklär mir dies gedicht Du
würdest sagen $1 + 1 = 1$ & ungleich 1 Ich

könnte plötzlich nichts mehr sagen Du
würdest sagen, nun denn – da capo! Ich

könnte sagen – also gut! Du
würdest sagen schweig und tanz

tanz her die w:andersprache
& küsse mich

pas de deux

podería dicir estou triste como o mar no porto Dirías
chama polo sol para que suba ao estrado baleiro Podería

dicir sinto a boca de imperceptibles soidades Dirías
a cadeira da cociña a cadeira da cociña Podería

dicir estou marcado por horas tenras Dirías
a palabra nunca está libre de maldicir Podería

dicir téñolle un medo aprendido ao temor Dirías
a crianza é a un tempo fonte e pozo Podería

126

dicir quérote Dirías
quen aloumiña as túas dores milagrosas Podería

dicir a morte sempre está en nós-presente Dirías
el tan só ten a súa ocupación Podería

dicir como se vive como guerreiro Dirías
avergonzate do teu propio salvaxe Podería

dicir como as nais paismiran aos pais Dirías
a respiración enlea os alentos Podería

dicir escóitame algunha vez Dirías
non leves tamén a boca á túa orella Podería

dicir renda & terra asonantan puras Dirías
a escrita élle unha incisión abatida Podería

dicir es para min metáfora de pracer & tempo Dirías
tamén os reloxos son só pés nus Podería

dicir o pan, o pan está reseso Dirías
tanto ao rico coma ao pobre, chégalle a hora Podería

dicir repítete a min en ti & a min Dirías
os días enlean cada noite Podería

dicir non sabes nada dos meus outros pasos migrantes Dirías
o teu corazón de anduriña o teu corazón de anduriña Podería

dicir as ás están feridas xeonllo Dirías
a man sente todas as vaidades Podería

dicir eu non te soño máis ca min Dirías
as ilusións tamén coñecen os derradeiros salgueiros Podería

127

dicir onde están causa motivo por que Dirías
esquece as preguntarespostas Podería

dicir aclárame este poema Dirías
 $1+1 = 1$ & menos 1 Podería

dicir de súpeto non dicir nada máis Dirías,
entón – da capo! Podería

dicir – pois vale! Dirías
cala e baila

ven bailar a lingua outra migrante
& bícame

Traducións
a galego de
Catuxa López Pato

am siebten wort entlang

septembersonne auf der haut
weit von den kindheitsbildern entfernt / 1 gartenzweig

128

erstarrt im victory-zeichen
& schweigt (wie immer)

die blätter färben sich schwarz(rotgold)
in die willkommenskultur des winters

Für Ana Rosa

arredor da sétima palabra

sol de setembro sobre a pel
arredado das imaxes da infancia / 1 gnomo de xardín

conxelado no sinal da vitoria
&cala (coma sempre)

129

as follas tínguense de negro(vermello ouro)
benvidos ao país do inverno

Para Ana Rosa

Nürtinger laub

1 birkenblatt
gelb lichtrand-
zittern. Welt & vers

& nicht zu sagen. Trost
im erdvertrauten. Doch

follas de Nürtinger

1 folla de bidueiro
amarela tremor
no límite da luz. Mundo & verso

& non dicir. Alento
na confianza terreal. Ao fin

schwarzmilan

mein vater ist gewandert, auf dem Gotthard,
nicht und doch
verlog er sich die arbeitshände
unterm fremdens chnee. Er sagte
es ist kalt die lügen kälter und jahre später
verlor er auch die sprache
ans gemachte eis der migration

132

einanderschauend :neineinander
er und seine hände und stummpoliert die frage

wohin bleiben wir? Danach

war tod und d:ort

wirst du ihn finden. Hier

miñato negro

meu pai migrou desde o Gotardo
non e si
partiu as mans traballando
baixo neve allea. Dixo
vai frío as mentiras máis frío e anos despois
perdeu tamén a lingua
no xeo construído da migración

133

mirarse o un ao outro : nonnoutro
el e as súas mans e a pregunta pulida no silencio

cara onde permanecemos? Despois

a morte e o lug:ar

atoparalo. Aquí

wären

die vielsätze nicht so abgedroschen
ich würde dir einen bärenhunger reichen
nach w:orten, die 1 du in sich trügen
holte ich dir ausschließlich spatzen
in die hand & sänge
von der freiheit der vögel / legte
ich dir k:ein ei ins nest / käme ich
vom regen in die traufe & ich spräche
lauter zauberformeln in die äpfel & stämme
der hilflosigkeit & unerwarteten w:orte
wie vergeblicheblätter

non fosen

tan caducas tantas oracións
ofreceríache unha fame canina
de pa:labras que 1 te levarían consigo
traeríache só pardais
na man & cantarí
da liberdade dos paxaros / poría
ning:un ovo no niño / iría
de mal en peor & diría
tan só as fórmulas máxicas das mazás & troncos
do desamparo & inesperadas pa:labras
coma follas ermas

cuando yo me muera lasst mich
den tod als frau empfangen / ihr

die gläsernen lippen ihm
schließen. Es wird
alles ungesagt verb:leiben

136

cuando yo me muera lasst mich
von ihr zurückberufen w:erden ihm //

jedes gedicht / ist
sterbeschrift genug & tod
& weiß

cuando yo me muera deixa
que reciba a morte como muller / a ela

pecharlle os labios cristalinos
a el. Todo
que:dara sen escribir

cuando yo me muera deixa
que ela el me de:volva á terra //

cada poema / é
sobexa tanatografía & morte
& branco

**juli-
dämmer & 1 leiser rausanfter**

windstoß windsterben todwindschließl
ich 1kuss-
mundmann & fremd die not
die halsschnürt & den herzlaib
schneidet
wie in schnitter schnittw:und / kein ent
kommen, aber
deine *süßnacht*

xullo
crepuscular & 1 silencioso suave áspero

golpe de vento vento de morte vento mortal final
eu 1 labio-
salaxe & alleo o perigo
a corda do pescozo & o pan de corazón
corta
como na sega segopunzant:e/ sen evad
irse, mais
a túa *doce noite*

nachösterlich, nachösterl:
ich, kastanienblatt
& schimmernetzend kinds

ge:fährten hinterrücks

der nieselregen schutzagust / bald aufgehoben. Die stütz-
radw:orte aus milch & schlachtfestmorgen, *s metzge*
im sommertagedächtnis gras 1 winter widerstand

140

die HERZENSWÄRME aus geist & sinn, auf-
bäumungsleicht wie frischer schnee
der fällt & luft-

hautfensternächtens sprossen brisenflocken
1 sanfter zartschlaf-der tod *elmuerte, ertapptes* herr
schen war sehr weit noch, weit //geschlechterloses

der erste wirksam wahrgebrachte herbst / er stach
ein m:ahnen aus, noch ungerichtet // novemberblätter
sie wurden erdschrift// sind

ganzjährig zweitgeburten, zufluchtsweise

pospacial, pospacial
eu, follas de castiñeiro
& brillos mollando crianzas

com:padres ás costas

a poalla protexe agosto / axiña suprimido. As pa-
labras autopropulsadas de leite & mañás de matanza, *a mata*
na memoria do orballo estival herba 1 inverno resistencia

a CALIDEZ DO CORAZÓN de mente & sentido, re-
belarse brevemente como neve fresca
que cae & aire-

141

pelfiestra das noites gromos folerpas de brisa
1 lene soño tenro – a morte *el muerte, sorprendente* señor
ío aínda moi afastado, afastado // clan perdido

o primeiro outono en verdade vivido / apuña
lou a profecía, in:cumprida // follas de novembro
convertidas en nutrición // son

todo o ano dous nacementos, orfas refuxiadas

wir vs. virus. Jeder gedanke

1 ritt auf der rasierklinge // jedes wort

1 w:ortsmanöver

(*it's over; it`s over; it`s all over, now*). Was ist

ein poetischer augenblick? 1 hörsturz

STILLE? Da sch:reibt jemand

von den nachtampel-

intervallen (zeitmesser oder ordnungsregeln) // kalt-

poetisches

ROT GELB (?) [mit frage-

zeichen] & GRÜN, *er*

laubtes laub

laut-

raubstille & die straßen sind

fastleerstellen linien-

zweige & ausschütten

bäume fühl-

verästelungen & lichtkru-

zungen // wir

im eigenen wolfsmaul; im vereigneten wolfsmaul-

hunger tapsen, eigen eigen

wie in schw:eigen

nós vs. virus. Cada pensamento
1 cabalga sobre a coitela // cada palabra
1 manobra de pa:labras
(*it's over; it's over; it's all over, now*). Que é

un instante poético? 1 xordeira súbita
ACOUGO? Alguén es:cribe
sobre os intervalos de
semáforos nocturnos (cronómetro ou normas de convivencia) // frío
poético
VERMELLO ÁMBAR (?) [con signos
de interrogación] & VERDE, *con*
sentida folla son
silencio depredador & as rúas son
lugares case baleiros liñas
bifurcadas & derramar
árbores ramificacións
emocionais & cruce
de luces // nós
co noso fociño de lobo, ás apalpadelas
coa fame do lobo no fociño; nosos nosos
como o noso silencio



Constantino Bértolo

Tino de Féliz (nome comunal deste autor) naceu en Navia de Suarna en 1946. Aos nove anos marchou coa súa familia a Madrid onde estudou Filoloxía Hispánica. Durante décadas exerceu como crítico literario en diversos medios de prensa. Foi director da editorial Debate entre 1991 e 2003, e da editorial Caballo de Troya desde o 2000 ata a súa xubilación no 2014. *La cena de los notables, sobre lectura y crítica* (2008), *Lenin, el revolucionario que no sabía demasiado* (2012), *Llamando a las puertas de la revolución. Textos de Karl Marx* (2017) e *Una Poética editorial* (2022) son algunhas das súas publicacións. Os seus primeiros poemas datan dos anos sesenta e apareceron na lendaria *Antología de la joven poesía española de 1966*. *O gran poema* (2020) foi a súa primeira publicación en galego, lingua na que, confesa, está de regreso.

CATRO LEITURAS POÉTICAS DO CAPITAL DE KARL MARX

Intercambio

Quero a túa boca, o bico, a túa xornada laboral.
Ser plusvalía
na túa cadeira, capital variable no pescozo prateado. Acumular
nas maos o peso relativo
da túa mirada e acoller o teu amor como salario
de subsistencia. Exponencialmente invírtome,
véndome
nos mercados e feiras do desexo.
Circulo entre as taxas de beneficio, as usuras e a cobiza. Son
lóstrego que brilla e queima
entre o fume industrial e o contrato mercantil. Son o canto
do taller e da fábrica.
Ningún amor aturará tanto proveito. Afundo
a miña forza de traballo en ti. O traballo
social de namorarme porque un verso percorre Europa
enteira-mente. Quero
acariñar a xeoloxía das túas forzas
produtivas. Sexamos compañeira
valor de uso e intercambio. Sexamos o remate,
amor inútil sexamos. Catro bicos de salario fixo á semana. Bicos
longos
máis aló dos horarios e da rendabilidade a medio prazo. Sexamos folga,
sabotaxe, ociosidade xeral,
ferida que fai sangue, area no rodamento. Negación
da negación.
Desapega de ti as dúbidas e mollemos dialéctica e dexesos. Teño
ansia
de xantar as túas correspondencias. Beber
no pozo das nosas contradicións.
Morrer de amor na túa masa salarial.

O traballo

Quérote: en ti invístome e aproveito.
Deveño corpo no teu corpo, materia
natural,
brazos, cintura e pernas, golpe de pracer e esforzo
xeneroso,
pelve operativa, movemento e Ai amor, estou morrendo!
Tórnome en forza reprodutora
sen custo nin cobiza dos recursos naturais. Malgasto
a tecnoloxía sexual da pel en ti e o pensamento.
Viva
a democracia do proletariado, a exploración
dos corpos. O intercambio de tactos fainos
ceibes
e
desfainos.
Hai amor que expropiar o tálamo, amortizar os xemidos,
nacionalizar soños e fantasías.

147

A imaxinación para quen a traballa. Dáme
amor
o teu acabamento.
Sexamos vacaciois, exaculación, felicidade
e orgasmo.
Quero ver
o custo imperativo e decrecente do pracer.
Ser tacto, acto, tarefa.
En ti
desfágome en tenrura,
letra de cambio
e
consumo final.

Taxa do aproveitamento

No comezo foi o sabor da mazá e o gañarás
o pan
coa suor da túa fronte. Axitar a árbore do ben
e do mal... Recoller
froitas e cultivos Mirarse nos ollos
fixamente.

Xerar pracer e culpa. Poñer nome
ao teu corpo. Chamar beizo ao teu beizo,
boca á tua boca, cona á túa. A curva altiva
dos teus peitos.

148

A reprodución ampliada das túas costas A corva
maxica. Os pés de marfil e de nácar. Facerme
eco
do teu corpo e dos seus nomes. Facerme voz
e chamarte .

Con espada de lume un anxo terrible
expulsounos do paraíso.

Hoxe

ese lume é Revolución que nos fala e nos convoca.

Despois chegou o frío, o número impar,

Chegou a fame. Naceu o meu e o teu. O propio e o alleo. Nudez
desposesión e desexo,

a propiedade privada do surco e do arado.

Naceu o valado

e fixeronnos a frecha e a lanza

acumulación primitiva do

poder.

Por que torna de novo a serpe do salario de
subsistencia?

Bico o arco do teu corpo e fágome ferro,
lata,
bronce,
diamante, carne e trigo, semente e ledicia.
A inexorable
lei
da atracción dos corpos. Atopo
o paraíso na reprodución
ampliada
dos teus ollos de cinza e auga. Faima xemer
a taxa de beneficio e retorno. Palpo túa riqueza
Ai amor!
Fagámonos expropiación do capital.

Gramática da explotación

a Pepe Cáccamo

Con estudada lentitude recollemos, case felices, as migallas do capital. O traballo
cambia de mans. O consello de administración decreta silencio e intelixencia. A clase traballadora tenta resolver o encrucillado dos prezos relativos. O suxeito revolucionario padece lixeiras molestias ideolóxicas. O doutor Keynes diagnostica inflación e incontinencia salarial. Gramsci tamen pasa por alí e prescribe dúas doses de hexemonía ao día e un pouquin de loita armada . O triste fume da paisaxe chora so os manuais de como facer a Revolución.

Pasa un ano, roxo, feramente humano.

150 Alguén anuncia a chegada inmediata dunha carencia. Un neno chora. Caen un parafuso.
Caen unha rosca e dúas arandelas caen. Caen os ceos e caen e caen e caen.
Antonio Gramsci vólvese tolo.

Pasa outro ano, capitalista e industrial.

Unha traballadora óllanos e marcha cara ao salón sindical. Inutilmente, as traballadoras
esfórzanse por sacar proveito das terras
ermas. Quizais unha lembranza ou ese chisqueiro que soña con
ser lume. Todo é un falar e falar e falar. Linguas sin maos.

E tanto boureo para qué?

Teñamos a derrota en paz.
Chove teimudamente un salario de merda. Molla as paredes sucias
e as almas materiais. Ninguén abre o paraugas. O sol é unha metáfora.
Unha muller estende a man e o namorado devólvelle unha caricia rota. Qué
difícil é xestionar a alegría. Os zapatos non chegan ata fin de mes.
Un paxaro convócanos á folga xeral.

Chove e chove o salario. Miiudiño chove pola banda de Lastrove. Un misere-
rento
desespero
esténdese polo perfil dos tellados. Unha pinga de rancor pecha de golpe o azul
burgués
das fiestras.
Unha lixeira indisposición do capitalismo tira
as palabras á rúa e pendura frases e vellos entusiasmos no balcón. A Revolu-
ción
tórname
delirio, a enfermidade socialdemócrata da esquerda. Mil obreiros
séntanse enriba da plusvalía relativa. Miran
polo oco da chave e ven chegar a derrota. Os militantes fanse poetas.

151

A vida cotiá abre a porta da fábrica e sae á procura de crédito, prazos e mañás.
Unha nostalxia que esvaece o real. O traballador da fábrica sorrindo peta na
mesa como quen chama polo sangue derramado inutilmente. Ninguén canta
a Internacional. O traballo produtivo parte para comezar a súa xornada de
lecer, inflación e consumo. A choiva fai e intensifica. O ceo é de aceiro e tisne.
Leva nos seus ollos a primitiva acumulación do capital. Despois volve a casa,
quítase as plusvalías e dorme. Un vaso de cristal rompe e repousa pero o cris-
tal queda.

Días de ira e rabia. *Dies irae. dies irae*



ÁRBORES

I

Vexo unha árbore. Follas verdes, o esqueleto
dalgunhas pólas, un tronco ben plantado,
maduro, envellecido. Vexo o nome: castiñeiro
Entón vexo a árbore sen follas, despoxándose
no río que pasa. Hai neve no fondo da paisaxe.
Ao redor, un brote, dous brotes brotan de súpeto
impoñendo a súa lingua. Calor e sombra
da árbore. Un home vén e ocupa
a sombra: o home descansa e despois
continúa a súa marcha. A sombra permanece sendo
posesión enteira de luz e a árbore.
segue a ser a mesma árbore: o castiñeiro.

152

Vexo o son da choiva nas follas
da árbore. Vexo o seu toque húmido, o tobogán
auga rota. A sede escura do tronco
empapandose. A noite chega como viaxeiro
canso. Vexo a sombra da sombra da árbore que non vexo.

Vexo o froito que abre as pálpebras. A pupila castaña
asomando. Achéganse dúas mulleres
e traballan. Recollen os froitos coma quen
en silencio fai ben o seu traballo. Vexo a casa
das mulleres. A cea, os nenos, o filamento
pobrín na bombilla. Queda a árbore.
Coa serenidade de quen nunca foi asoballado.

Eu vexo a árbore mais
que é o que vei a árbore?

II

Sobre cartolina branca pinta unha árbore, enmarcá,
cólga na parede e séntase.

O virtual acomódase ao seu tempo.

Vei a sombra da árbore e unha leve brisa
sacúdeo. Sorrí.

Vei chegar o outono á árbore espida.

O tacto gris do frío
faise melancolia.

Un fillo colle a froita con todo o sol nos brancos dentes.

A amada contra o tronco agarda esquecida. A felicidade
esvaécese.

Séntese o ruído dun vento leve
mentres ela se envolve na súa chombra quente.

Mira a árbore pintada. Ten unha árbore
mais a árbore non sabe pintar unha árbore.

Medra lentamente. Ábrese cando chega o seu momento.

Aclara con flores e logo échese de froitos

Se ninguén o colle, o froito cae ao chan e lentamente
esvaécese na terra.

Non sorrí, non se quenta, non é feliz,

non fantasea. Non é unha árbore .

Nada de nada. Quizais lembranza, memoria da morte.

III

A Xoan Xegunde

Diante da miña casa,
cando era neno, había unha árbore.
Un pomar.
Xa non ta.

A caron da miña casa,
cando era neno, había unha árbore.
Un zrexial.
Xa non ta.

Agora nin casa nin neno hai
e eu
xa case nin tampouco estou.

★

NAVIA

Dores

O paxaro do tempo pousou na túa mirada.

O río lembrase do teu corpo e érguese.

Medra unha sede verde no segredo da miña boca.

Brama un merlo azul na punta do teu nome.

Por onde camiñas con eses beizos violetas?

Escuitan os meus ollos

a baranda dos teus peitos escondidos.

Salta unha truita que quere ser lembranza.

Vexote pasar.

Levas ledicia e baile nos andares.

Dóenme as pálpebras.

Mais sempre volvo.

O amor é un fantasma transparente.

Pasarei toda a morte voltando aos teus brazos de auga e mel.

Un morcego xordo baila no medio da praza.

156

Ai Navia, Navia! Ules a pan quente, a toxo doce, a luxuria, a envexa,
a almorzo, a herba que acaban de cortar, a sabas namoradas.

Toda a noite os cais da Proba ladraron no meu corazón.

O amor é unha paixase que doe.



Évame

Lume que non amortece

Miro na noite o relampo dos teus ollos Escoito o sorrir das estrelas Sinto
como sobes e sobes e sobes e asemellas quedar no alto para sempre
tan alta

Veño a ti coa boca chea de lobos e lascivias Es ti lembranza terra saudade pedra
Soño con percorrer os carreiros do teu corpo os tesos as covas
os cumes as pozas as pontes e ribeiras o souto mollado as fontes as campas as lameiras
a hortiña os lindeiros da luz onde xunguen o sol e a lúa Soño con derrubar
curvas e meandros lamber as fronteiras do desexo
derrubar muros e cancelas derreterme nas túas leiras Fágome desespero resentimento
rabia morriña penedo e auga

Todo en ti é deleite e desmesura Morro no teu corpo de mel e centeo

Obra en min Navia acontecéme faime e desfaima érgueme de novo
desamárrame as feridas os medos as bágoas

os gozos e aleluias Gózame amor gózame recemos xuntos os húmidos misterios
Óllame e baila

baila na punta do pé Báilame atólame desfaima amor desfaima berra

en silencio e xemidos o meu nome Oh Navia Navia! Mórreme

Estou eiquí! Non me esquezas Voa boga ven brinca por cima das verdades e chega
ata min chega e pálpame

arríncame a dor Évame, évame Per saecula

saeculorum Évame e ámame

ámame

Chámame e vou Chámame que bailar quero de novo contigo

no medio da praza Oh Navia Navia! Teño sede da cunca do teu sexo
onde todo é paz e batalla

O poema final

Se xa non me queres amor
vaite ao carallo
bótame de volta
Devolveme os bicos e a miña boca
devólveme a pel e esa punta do dedo que busca o teu desexo
Devólveme
o silencio e o xemido O asombro turbio dos ollos
a carne e a súa celebración
o querer
como feitizo
O doce desespero de esperarte
a miña man na procura do mel redondo dos teus peitos
a miña boca
que bebía na túa sede
Se xa non me queres amor
quítame
o teu nome e o teu mañá quítame
ata a tristeza
mesmo a saudade
Lévate
este verso
final
e finalmente
lévate
o teu sexo
que me chama e se abre.

VOLVENDO

A Rosalía de Castro que nunca estivo en Navia

Veño a Navia para lembrarme de min. Cruzo un bosque e unha pedra, dous ríos, mil regatos pequenos e miles e miles de folgueiras. Vexo unha ponte, a serpe do río e o abaixo do abaixo. Sinto chuvias frías nas maos quentes do vrao. Veño despois de séculos, anos, dous amores, unha ferida e tres derrotas. Veño a ti, Navia, veño. Chámame, chámame, dáme vertixe, agora son velocidade, ganas de tocar a pel do pomar que había diante da casa do meu avó, palpar as sombras das nogueiras e a breva escura da figueira. Veño, pois alguén que ten mil nomes chamoume. Leva séculos chamándome. Vou lixeiro, cos pés lixeiros, sen nostalgias do pasado. Volvo á mirada vella e nena e nova: o río, unha ponte, as ortigas, o turbio misterio no corpo das mulleres. A auga da fonte onde bebemos os días e as horas, augas comúns, mergullando os dedos na pía bautismal. Cantan as pedras nos cumes dos Ancares, tamos feitos de ar, de tempo e de pedra.

O olmo que alerta o aire, o ruído do coche de liña que chega, ese sapo, ese sapo no medio do lume. Chámanme mil nomes, mil aldeas: Virigo, Trigal, Barcia, Embernalúas, Luciano, Toribia, Paciano, Doña Ramona, Dorinda, Chelo que tiña a corola tan branca e o pelo tan negro xogando ás costas. Veño, veño, o vento peitáme, a luz bícame sen calma. Vou lixeiro. Sinto que nace a luz, que a chama non se apaga, chama, amada, chama, chámame. Síntome como unha anduriña voando no linde do eterno. Vou cara a ti que es terra e auga, murmurios e silencio crebado polos crebados ladrados dos cais. Os grilos negros cantan, os corvos negros grallan, escuito a campá negra da noite que se achega e me adormece. Que negras son as estrelas nas noites da infancia! Veño, no alargo as sabas para secar brillan coma espellos. Óese a leria das mulleres. Enaguas por onde asoman as carnes, o sol rompendo néboas, segredos e ventás. O sol, o sol e o frío da cama

no inverno. Os xogos, o pá que xa te vin e quedas morto, o rescate, o monta na burra, o barra barriña barreira que salga o coello da coelleira, as bólas de barro, pedra, aceiro ou cristal. Soa a campá, chámanos á igrexa. Tocan a morto. Quen morreu?

Escuito, escuito esa campá, por Deus non deixes de tocala, escuítoa, escuítoa, por Deus non deixes de tocala que xa vou, xa vou, e vexo o ar que resoa, a espadana e Totó tirando do barazo. Véxoos a todos, a todos: a Paquito que morreu de mozo con ollos tan azuis, a Isauro, Celso sempre co balón na punta do pé. Tou volvendo. Déixame xogar un pouquín máis. Voltemos todos á praza a xogar e bailemos e cantemos e falemos de segredos, desexos e miradas. Quedemos eiquí, lonxe do San Queitano, lonxe de Penasincera, aínda non vaíamos, non hai présa. Non vaias, Laura; non vaias, Alcira; non vaia, avoa, non vaia!

160

Case toco o ruído da frauga, o fume quente do forno de pan, o mango da brosa, os pasamaos da escaleira, o triste conformismo nos ollos das vacas, os zapatos manchados de lama, o estrondo das zocas no adro da igrexa, as mulleres cantando Xesús sen ti non podos, o incienso, o turbio calor do confesionario, o vestido branco das nenas que estrean primaveras e vulto dos peitos. O misterio das enaguas.

Volvo á morte, a Penélope que tece e tece no meu corazón ferido, volvo ó verde do campo santo, para deitarme de novo mirando a altura do vento nas pólas das árbores. Pasa o tempo da infancia e da melancolía. Volvo ó mozo, ó fume dos primeiros cigarros. Volvo ós nomes das casas: Pardo, Félix, Amanda, Canteiro, Nicasio, Chaodatorre, Galo, Muxo, Gurgüeira, Médico, Fontela, Quindós, Tralacerca. Veño porque quero saber que vai ser de mín cuando xa tea morto. Veño, veño, apértame, Navia, apertame. Miña terra, miña terra, terra donde m'eu criei, hortiña que quero tanto, figueiriñas que prantei.

What do you find about, Rosalía, what do you find about.

Índice de poetas






Pax.

María García	19
Nieves Neira	31
Tatiana Faia	43
Jaume Coll	65
Dores Tembrás	87
Xabier Cordal	111
José F. A. Olivier	123
Constantino Bértolo	145

Algúns textos de Rosalía
de Castro cos que se pode
acompañar a viaxe de
Rosalía en Camiño 2022



Índice

Cantares gallegos

Como chove miudiño 167

Follas Novas

Adiós 171

Na Catedral 172

Ó pazo de A. 175

Padrón...! Padrón...! 176

As Torres de Oeste 178

En las orillas del Sar

Orillas del Sar 180

Santa Escolástica 186

Cantares gallegos (1863)

*Como chove miudiño,
como miudiño chove;
como chove miudiño
pola banda de Láíño,
pola banda de Lestrobe.*

Como a triste branca nube
truba o sol que inquieto aluma,
cal o crube i o descrube,
pasa, torna, volve e sube,
enrisada branca pruma!

Xa, dempois, lonxe espallada
polos aires fuxitivos,
desteñida, sombrisada,
nos espazos desatada,
cae brillando en raios vivos.

Misteriosa regadeira
fino orballo no chan pousa
con feitiña curvadeira,
remollando na ribeira
frol por frol, chousa por chousa.

Semellando leve gasa
que sutil o vento move,
en frotantes ondas pasa
refrescando canto abrasa,
o que o sol ardente crobe.

Como chove miudiño
polas veigas de Campaña!
Cal se enxugan de camiño
os herbales de Láíño!
Como a Ponte en sol se baña!

Para Caldas todo é escuro,
ceo azul lose na Adina,
transparente, limpo e puro;
da Arretén no monte duro
nube corre pelegrina.

Triste vai, que á terra toca
xa cos pés de branca neve,
xa ca fina fresca boca;
triste vai, que ós ceos invoca
i a bicar o chan se atreve.

Triste vai cando se abate
vaporosa, soia e muda,
cando maina as alas bate
como un corazón que late
ferido por pena ruda.

Tal maxino a sombra triste
de mi maa, soia vagando
nas esferas onde existe;
que ir á groria se resiste,
polos que quixo agardando.

Vexo o Souto en parda sombra
envolvendo o seu ramaxe,
que por bon, do Rei se nombra,
donde fero o vento asombra,
roxex e estala de coraxe.

I o Palacio, serio e grave,
canto en pura luz se baña!
Tal parés pesada nave
que volver ó mar non sabe,
se encallou na fresca braña.

Vexo Valga á beira hermosa
dun camiño todo prata,
casta virxe candorosa,
sentadiña en chan de rosa,
vestidiña de escalrata.

A San Lois vexo brillando
bañado por tintas puras,
sol e sombras amostrando,
en reposo contemplando
montes, augas e verduras.

I a Padrón, ponliña verde,
fada branca ó pé dun río,
froita en frol da que eu quixerde,
lonxe miro que se perde
baixo un manto de resío.

Que inchadiña branca vela
antre os millos corre soa,
misteriosa pura estrela!
Dille o vento en torno dela:
«Palomiña, voa!, voa!»

Faille arrola a branda ría
cun remanso mormuxante,
que nós da arboleda umbría
baixo un toldo de alegría,
ó calor dun sol amante.

Sol de Italia, sol de amore...!
¿Ti paisax mellor alumas?
¿Ti máis rosas, máis verdore,
mellor ceu, máis soave core
ves do golfo antre as espumas?

Sol de Italia, eu non sospiro
por sentirte ardente raio!
Que outro sol temprado miro;
docemente aquí respiro
nun perene, eterno maio.

Nesta terra tal encanto
se respira... Triste ou probe,
rico ou farto de querbanto,
se encariña nela tanto
quen baixo o seu ceu se crobel...

Os que son nela nacidos,
os que son dela mimados,
lonxe dela están doridos
porque van de amor feridos
por quen fono amamantados.

Polos fillos a nai tira,
xorda, triste, plañideira,
xeme, chora, e mais sospira,
e non para, hastra que os mira
ben chegar por derradeira.

Probe nai, canto te quero!
Nai tamén, ai!, da nai miña!
O teu chan de amor prefiero,
a canto hai grande ou severo
en toda a terra xuntiña.

¿Como non si ora estou vendo,
nun paisax de prata e rosas,
canto a vida foi querendo,
cos meus ollos remexendo
memoriñas cariñosas?

Bosques, casa, sepulturas,
campanarios e campanas
con sons vagos de dozuras
que despertan, ai!, ternuras
que en jamás podrán ser vanas!

Elas fono as que tocaron
cando os meus alí naceron;
elas fono as que choraron,
elas fono as que dobraron
cando os meus avós morreron.

Elas fono as que alegríñas
me chamaban mainamente
nas douradas mañanciñas,
de mi maa cas cantiguíñas
i os biquiños xuntamente.

Inda vexo onde xogaba
cas meniñas que eu quería,
o enxidiño onde folgaba,
os rosales que coidaba
i a fontíña onde bebía.

Vexo a rúa solitaria
que en paz baña un sol sereno,
sin que a trube man contraria,
igual sempre, nunca varia,
veiga llana en campo ameno.

E tamén vexo enloitada
da Arretén a casa nobre,
donde a miña nai foi nada,
cal viudiña abandonada
que cai triste ó pé dun robe.

Alí está, sombra perdida,
vos sin son, corpo sin alma,
amazona mal ferida
que ó sentir que perde a vida
se adormece en xorda calma.

Casa grande lle chamaban
noutro tempo venturoso,
cando os probes a improraban,
e fartiños se quentaban
ó seu lume cariñoso.

Casa grande, cando un santo
venerable cabaleiro¹
con tranquilo, nobre encanto,
baixo os priegues do seu manto
cobexaba ó perdiouseiro.

Cando os cantos na capilla
da Gran casa resoaban
con fervor e fe sensilla,
rico fruto da semilla
que os varóns santos sembraban.

1. As virtudes verdadeiramente evanxélicas deste cabaleiro, tan amado dos que o coneceron, inspiráronme un libro, que non tardarei en publicalo con o título de Historia de mi abuelo. Nel rindo un tributo de admiración e amor a aquel cuia maior sabiduría consisteu sempre en facer o ben a ollos cerrados e con man cariñosa. (Nota da autora)

Ora todo silencioso
causa alí medo e pavura,
mora esprito temeroso
nos salóns onde o reposo
fixo un niño ca tristura.

Risas, cantos, harmonía,
brandas músicas, contento,
festas, dansas, alegría,
se trocou na triste e fría,
xorda vos do forte vento.

No gran patio as herbas crecen
vigorosas sin coidado,
i as silveiras que frorecen
no seu tempo fruto ofrecen
ós meniños sazonado.

I ante aquel silencio mudo
que a trubar naide alí chega,
antre aquel xa fun! tan rudo,
vese inteiro un nobre escudo
que a desir non son se nega.

Craros timbres mostra ufano
cun soberbo casco airoso...
mais detrás dun son tan vano
vese o probe orgullo humano,
homillado e polvoroso.

Tras da calada visera,
que hai uns ollos feridores
que nos miran, se dixera;
que nons din: todo é quimera
neste mundo de dolores.

Casa grande!, triste casa!,
quen de aquí tan soia miro
parda, escura, triste masa,
casa grande!, pasa, pasa...
Ti xa n'és más que un sospiro.

Meus avós, ai!, xa morreron,
os demais te abandonaron,
os teus lustros pereceron,
i os que millor te quixeron,
tamén de ti se apartaron.

Mes tras mes, pedra tras pedra,
ti te irás desmoronando
ceñida por sintas de hedra,
mentras que outra forte medra,
que así o mundo vai rolando.

Mais que lus, que colorido
nos espazos se dilata!
Luce o sol descolorido
i arco de iris xa nacido
longa sinta se desata.

*Como chove miudiño,
como miudiño chove;
como chove miudiño
pola banda de Laíña,
pola banda de Lestrobe.*

Follas novas (1880)

ADIÓS!

Adiós, montes e prados, igrexas e campanas!
Adiós, Sar e Sarela, cubertos de enramada!
Adiós, Vidán alegre, moíños e hondanadas;
Conxo o do craustro triste i as soedades prácidas;
San Lourenzo o escondido, cal un niño antre as ramas;
Balvís, para min sempre o das fondas lembranzas;
Santo Domingo, en donde canto eu quixen descansa,
vidas da miña vida, anacos das entrañas.
E vós tamén sombrisas paredes solitarias
que me vícheis chorare soia e desventurada,
adiós, sombras queridas; adiós, sombras odiadas;
outra vez os vaivéns da fertuna
pra lonxe me arrastran.

Cando volver, se volvo, todo estará onde estaba:
os mesmos montes negros i as mesmas alboradas
do Sar e do Sarela, mirándose nas auguas;
os mesmos verdes campos, as mesmas torres pardas,
da catedral severa, ollando as lontananzas.
Mais os que agora deixo, tal coma a fonte mansa
ou no verdor da vida, sin tempestás nin bágoas,
canto, cando eu tornare vítimas da mudanza
terán de présa andado, na senda da desgracia!
I eu..... mais eu nada temo no mundo
que a morte me tarda!

NA CATREDAL

Como algún día polos corrunchos
do vasto tempo,
vellos e vellas, mentras monean,
silban as salves i os padrenuestros
i os arcebispos nos seus sepulcros,
reises e reinas con gran sosego
na paz dos mármore tranquilos dormen
mentras no coro cantan os cregos.
O órgano lanza tristes cramores,
os das campanas responden lexos
i a santa imaxen do Redentore
parés que suda sangue no Huerto.

172

Señor Santísimo, ós teus pés canto
tamén de angustia sudado teño!
Mais se o pecado castigas sempre,
ó que afixido vai á pedircho
daille remedio.

O sol poniente polas vidreiras
da Soledade lanza serenos
raios que firen descoloridos
da Gloria os ángeles i o Padre Eterno.
Santos e apóstoles, védeos!, parecen
que os labios moven, que falan quedo
os uns cos outros, e aló na altura
do ceu a música vai dar comenso,
pois os groriosos concertadores
tempran risoños os instrumentos.

Estarán vivos? Serán de pedra
aqués sembrantes tan verdadeiros,
aquelas túnicas maravillosas,
aqueles ollos de vida cheos?
Vós que os fixeches de Dios ca axuda
de inmortal nome, Mestre Mateo,
xa que aí quedaches homildemente
arrodillado, falaime deso;
mais co eses vosos cabelos rizos
Santo dos Croques, calás... i eu rezo.

Aquí está á Groria, mais naquel lado
naquela arcada, negrexo o inferno
cas almas tristes dos condenados,
onde as devoran tódolos demos.
De alí non podo quita-los ollos,
mitá asombrada, mitá con medo,
que aqueles todos se me figuran
os dun delirio, mortaes espeutros.

Como me miran eses calavres
i aqueles deños!
Como me miran facendo moecas
dende as colunas onde os puxeron!
Será mentira, será verdade?
Santos do ceo,
saberán eles que son a mesma
daqueles tempos...?
Pero xa orfa, pero enloitada,
pero insensibre cal eles mesmos...
Como me firen...! Voume, si voume,
que teño medo!

Mais xa nos vidros da grande araña
cai o postreiro
raio tranquilo que o sol da tarde
pousa sereno;
e en cada prancha da araña hermosa
vivos reflexos,
cintileando coma as estrelas,
pintan mil cores no chan caendo
e fan que a tola da fantesía,
soñe milagres, finxa portentos.

Mais de repente veñen as sombras,
todo é negrura, todo é misterio,
adiós alxofres e marabillas...
Tras do Pedroso púxose Febo.

174

Coma pantasmas cruzan as naves
silbando salves e padre nuestros,
vellos e vellas que a Dios lle piden,
el tan só sabe, cales remedios;
que cando o mundo nos deixa é soio
cando buscamos con ansia o ceo.

Ós pés da Virxen da Soledade,
de moitos anos nos conocemos...!,
a oración dixen que antes dicía,
fixen mamoria dos meus sacretos,
para mi madre deixei cariños,
para os meus fillos miles de beixos,
polos verdugos do meu espírito
recei... e funme pois tiña medo.

Ó PAZO DA A...

Era ó caer da tarde,
encomenzaba o cántico dos grilos,
xorda a presa ruxía,
brilaban lonxe os lumes fuxitivos.
Ó pe do monte maxestuoso erguíase
na aldea escura o caserón querido,
ca oliva centenaria
de cortinax ó ventanil servindo.
Deserta a escalinata,
soio o paterno niño,
e enriba del caendo misteriosas
coas sombras do crepúsculo as do olvido.

Quen ó pasado volve
os ollos compasivos?
Quen se lembra dos mortos
se inda non poden recordarse os vivos?

*Padrón...! Padrón...!
Santa María... Lestrobe...
Adiós! Adiós!*

I

Aquelas risas sin fin,
aquele brincar sin dolor,
aquela louca alegría,
por que acabou?
Aqueles doces cantares,
aquelas falas de amor,
aquelas noites serenas,
Por que non son?
Aquel vibrar sonoro
das cordas da arpa i os sons
da guitarra malencónica,
quen os levou?
Todo é silencio mudo,
soidá, delor,
onde outro tempo a dicha
sola reinou...

*Padrón...! Padrón...!
Santa María, Lestrobe...
Adiós! Adiós!*

II

O simiterio da Adina
n´hai duda que é encantador,
cos seus olivos escuros
de vella recordazón;
co seu chan de herbas e frores
lindas cal n´outras dou Dios;
cos seus canónegos vellos
que nel se sentan ó sol;
cos meniños que alí xogan
contentos e rebuldós;
cas lousas brancas que o cruben
e cos húmedos montóns
de terra; onde algunha probe
ó amañecer se enterrou.

Moito te quixen un tempo,
simiterio encantador,
cos teus olivos escuros,
máis vellos que os meus avós,
cos teus cregos venerables,
que se iban sentar ó sol,
mentras cantaban os páxaros
as matutinas cancións,
e co teu osario humilde
que tanto respecto impón
cando da luz que nel arde
ve un de noite o resprandor.
Moito te quixen e quérote,
eso ben o sabe Dios;
mas hoxe, ó pensar en ti,
núbraseme o corazón,
que a terra está removida,
negra e sin froles.

*Padrón...! Padrón...!
Santa María... Lestrobe...
Adiós! Adiós!*

III

Fun un día en busca deles,
palpitante o corazón.

Funos chamando un a un
e ningún me contestou.

Petei nunha i outra porta:
non sentín fala nin voz,
cal nunha tomba baldeira
o meu petar resonou.

Mirei pola pechadura:
que silencio...!, que pavor...!
Vin nomais sombras errantes
que iban e viñan sin son,
cal voan os lixos leves
nun raio do craro sol.

Erguéronseme os cabelos
de estrañeza e de delor.
Nin un soio...!, nin un soio...!
Donde están?, que deles foi?

O triste son da campana
vagoroso a min chegou...
Tocaba a morto por eles...!

Padrón...! Padrón...!
Santa María... Lestrobe...
Adiós! Adiós!

AS TORRES DE OESTE

A iaugua corría
polo seu camiño
i eu iba ó pé dela
preto dos Laíños
sin poder cas penas
que moran conmigo.

Con tamaña carga,
para donde eu iba?
A Virxe sabraio,
que eu no o sabía;
mais seica fuxindo
de min mesma iña.

Por antre os herbales,
profunda e sombrisa,
cal unha sarpente
de escamas bruñidas,
brilaba ós meus ollos
dándome cobiza.

Estaba tan soia!
Nin bote, nin lancha,
nin velas, nin remos,
a vista alegraban,
e soia-las veigas
tamén se quedaran.

Qué bonitas eran
noutro tempo as rosas
que naqueles campos
medran e se esfolan!
Mais muchas estonces
se amostraban todas.

I o sol, cal a lúa
en noite de brétema,
brilaba tembrando
por antre as vimbieiras,
tan descolorido
coma a mesma cera.

I ó ferir as ondas
revoltas e obscuras,
víanse no espeso
da negra fondura
as herbas marinas
e longas que a surcan.

De pronto unha i outra
poñéndome medo,
as loitosas cruces
se me apareceron,
que se erguen na orela
cal nun cimiterio.

Meu ben, onde moras?,
perguntei chorando.
Xa que ti morreche,
no mundo, que fago
coma vós, ou torres!,
soia e sin amparo?

Soidás me consomen,
bágoas me alimentan,
sombas me acompañan,
cómeme a tristeza.
Quen pode con tanta
fartura de penas!

I eu non sei que negra
tentazón maldita
me afrixeu o esprito,
me anubrou a vista,
e sorreume como
me o demo sorrira.

Dende a fonda orela
mirei arredore...
A marea viva
petaba nas torres,
orfas ante a líquida
sabán que as envolve.

—Alá vou!, lles dixen.
—Daime morte dose,
auguas onde as penas
para sempre dormen...
Saltei... i a corrente
calada levoume.

.....
.....
.....

Ou Torres de Oeste!
Malas tentadoras,
auguas apromadas
de calma treidora,
cómaros pelados
onde o corvo pouosa.

Ou Torres de Oeste!
Tan soias e mudas,
ca vosa atentaches
a miña tristura.
Ningún triste vaia
cabo de vós nunca.

Dos desamparados
tendes o menaxen,
i aínda ó redor voso
non rexorde o aire
coma si temese
de vos despertare.

É das que se apegan
a tristeza vosa,
das que o peito oprimen,
das abrumadoras,
que ó inferno encamiñan
as almas loitosas.

Que se inda estou viva
foi que un mariñeiro
medio morimunda,
por estes cabelos
tróuxome das ondas
ó mundo en que peno.

Non vaiades nunca,
eu volo aconsello,
ás Torres de Oeste
co corazón negro.

En las orillas del Sar (1884)

ORILLAS DEL SAR

I

A través del follaje perenne
que oír deja rumores extraños,
y entre un mar de ondulante verdura,
amorosa mansión de los pájaros,
desde mis ventanas veo
el templo que quise tanto.

El templo que tanto quise...,
pues no sé decir ya si le quiero,
que en el rudo vaivén que sin tregua
se agitan mis pensamientos,
dudo si el rencor adusto
vive unido al amor en mi pecho.

II

¡Otra vez!, tras la lucha que rinde
y la incertidumbre amarga
del viajero que errante no sabe
dónde dormirá mañana,
en sus lares primitivos
halla un breve descanso mi alma.

Algo tiene este blando reposo
de sombrío y de halagüeño,
cual lo tiene, en la noche callada,
de un ser amado el recuerdo,
que de negras traiciones y dichas
inmensas, nos habla a un tiempo.

Ya no lloro..., y no obstante, agobiado
y afligido mi espíritu, apenas
de su cárcel estrecha y sombría
osa dejar las tinieblas
para bañarse en las ondas
de luz que el espacio llenan.

Cual si en suelo extranjero me hallase,
tímida y hosca, contemplo
desde lejos los bosques y alturas
y los floridos senderos
donde en cada rincón me aguardaba
la esperanza sonriendo.

181

III

Oigo el toque sonoro que entonces
a mi lecho a llamarme venía
con sus ecos que el alba anunciaban,
mientras, cual dulce caricia,
un rayo de sol dorado
alumbraba mi estancia tranquila.

Puro el aire, la luz sonrosada,
¡qué despertar tan dichoso!
Yo veía entre nubes de incienso,
visiones con alas de oro
que llevaban la venda celeste
de la fe sobre sus ojos...

Ese sol es el mismo, mas ellas
no acuden a mi conjuro;
y a través del espacio y las nubes,
y del agua en los limbos confusos,
y del aire en la azul transparencia,
¡ay!, ya en vano las llamo y las busco.

Blanca y desierta la vía
entre los frondosos setos
y los bosques y arroyos que bordan
sus orillas, con grato misterio
atraerme parece y brindarme
a que siga su línea sin término.

Bajemos, pues, que el camino
antiguo nos saldrá al paso,
aunque triste, escabroso y desierto,
y cual nosotros cambiado,
lleno aún de las blancas fantasmas
que en otro tiempo adoramos.

182

IV

Tras de inútil fatiga, que mis fuerzas agota,
caigo en la senda amiga, donde una fuente brota
siempre serena y pura,
y con mirada incierta busco por la llanura
no sé qué sombra vana o qué esperanza muerta,
no sé qué flor tardía de virginal frescura
que no crece en la vía arenosa y desierta.

De la oscura *Trabanca* tras la espesa arboleda,
gallardamente arranca al pie de la vereda
La Torre y sus contornos cubiertos de follaje,
prestando a la mirada descanso en su ramaje

cuando de la ancha vega por vivo sol bañada
que las pupilas ciega,
atraviesa el espacio, gozosa y deslumbrada.

Como un eco perdido, como un amigo acento
que sueña cariñoso,
el familiar chirrido del carro perezoso
corre en alas del viento y llega hasta mi oído
cual en aquellos días hermosos y brillantes
en que las ansias mías eran quejas amantes,
eran dorados sueños y santas alegrías.

Ruge la *Presa* lejos..., y, de las aves nido,
Fondóns cerca descansa;
la cándida abubilla bebe en el agua mansa
donde un tiempo he creído de la esperanza hermosa
beber el néctar sano, y hoy bebiera anhelosa
las aguas del olvido, que es de la muerte hermano;
donde de los vencejos que vuelan en la altura,
la sombra se refleja;
y en cuya linfa pura blanco el nenúfar brilla
por entre la verdura de la frondosa orilla.

V

¡Cuán hermosa es tu vega, oh Padrón, oh Iria Flavia!
Mas el calor, la vida juvenil y la savia
que extraje de tu seno,
como el sediento niño el dulce jugo extrae
del pecho blanco y lleno,
de mi existencia oscura en el torrente amargo
pasaron, cual barrida por la inconstancia ciega,
una visión de armiño, una ilusión querida,
un suspiro de amor.

De tus suaves rumores la acorde consonancia,
ya para el alma yerta tornose bronca y dura
a impulsos del dolor;
secáronse tus flores de virginal fragancia;
perdió su azul tu cielo, el campo su frescura,
el alba su candor.

La nieve de los años, de la tristeza el hielo
constante, al alma niegan toda ilusión amada,
todo dulce consuelo.
Sólo los desengaños preñados de temores,
y de la duda el frío,
avivan los dolores que siente el pecho mío,
y ahondando mi herida,
me destierran del cielo, donde las fuentes brotan
eternas de la vida.

184

VI

¡Oh tierra, antes y ahora, siempre fecunda y bella!
Viendo cuán triste brilla nuestra fatal estrella,
del Sar cabe la orilla,
al acabarme, siento la sed devoradora
y jamás apagada que ahoga el sentimiento,
y el hambre de justicia, que abate y que anonada
cuando nuestros clamores los arrebatara el viento
de tempestad airada.

Ya en vano el tibio rayo de la naciente aurora
tras del *Miranda* altivo,
valles y cumbres dora con su resplandor vivo;
en vano llega mayo de sol y aromas lleno,
con su frente de niño de rosas coronada,
y con su luz serena:
en mi pecho ve juntos el odio y el cariño,
mezcla de gloria y pena,
mi sien por la corona del mártir agobiada
y para siempre frío y agotado mi seno.

VII

Ya que de la esperanza, para la vida mía,
triste y descolorido ha llegado el ocaso,
a mi morada oscura, desmantelada y fría,
tornemos paso a paso,
porque con su alegría no aumente mi amargura
la blanca luz del día.

Contenta el negro nido busca el ave agorera;
bien reposa la fiera en el antro escondido,
en su sepulcro el muerto, el triste en el olvido
y mi alma en su desierto.

Santa Escolástica

I

Una tarde de abril, en que la tenue
llovizna triste humedecía en silencio
de las desiertas calles las baldosas,
mientras en los espacios resonaban
las campanas con lentas vibraciones,
dime a marchar, huyendo de mi sombra.

Bochornoso calor que enerva y rinde,
si se cierne en la altura la tormenta,
tornara el aire irrespirable y denso.
Y el alma ansiosa y anhelante el pecho
a impulsos del instinto iban buscando
puro aliento en la tierra y en el cielo.

Soplo mortal creyérase que había
dejado el mundo sin piedad desierto,
convirtiendo en sepulcro a Compostela.
Que en la santa ciudad, grave y vetusta,
no hay rumores que turben importunos
la paz ansiada en la apacible siesta.

II

-¡Cementerio de vivos! -murmuraba
yo al cruzar por las plazas silenciosas
que otros días de glorias nos recuerdan.
¿Es verdad que hubo aquí nombres famosos,
guerreros indomables, grandes almas?
¿Dónde hoy su raza varonil alienta?

La airosa puerta de Fonseca, muda,
me mostró sus estatuas y relieves
primorosos, encanto del artista;
y del gran Hospital, la incomparable
obra del genio, ante mis tristes ojos
en el espacio dibujose altiva.

Después la catedral, palacio místico
de atrevidas románicas arcadas,
y con su Gloria de bellezas llena,
me pareció al mirarla que quería
sobre mi frente desplomar, ya en ruinas,
de sus torres la mole gigantesca.

Volví entonces el rostro, estremecida,
hacia donde atrevida se destaca
del Cebedeo la celeste imagen,
como el alma del mártir, blanca y bella,
y vencedora en su caballo airoso,
que galopando en triunfo rasga el aire.

Y bajo el arco oscuro, en donde eterno
del oculto torrente el rumor suena,
me deslicé cual corza fugitiva,
siempre andando al azar, con aquel paso
errante del que busca en donde pueda
de sí arrojar el peso de la vida.

Atrás quedaba aquella calle adusta,
camino de los frailes y los muertos,
siempre vacía y misteriosa siempre,
con sus manchas de sombra gigantescas
y sus claros de luz, que hacen más triste
la soledad, y que los ojos hieren.

Y en tanto... la llovizna, como todo
lo manso, terca, sin cesar regaba
campos y plazas, calles y conventos
que iluminaba el sol con rayo oblicuo
a través de los húmedos vapores,
blanquecinos a veces, otras negros.

III

Ciudad extraña, hermosa y fea a un tiempo,
a un tiempo apetecida y detestada,
cual ser que nos atrae y nos desdeña:
algo hay en ti que apaga el entusiasmo,
y del mundo feliz de los ensueños
a la aridez de la verdad nos lleva.
¡De la verdad! ¡Del asesino honrado
que impasible nos mata y nos entierra!

¡Y yo quería morir! La sin entrañas,
sin conmoverse, me mostrara el negro
y oculto abismo que a mis pies abrieran;
y helándome la sangre, fríamente,
de amor y de esperanza me dejara,
con sólo un golpe, para siempre huérfana.

«¡La gloria es humo! El cielo está tan alto
y tan bajos nosotros, que la tierra
que nos ha dado volverá a absorbernos.
¡Afanarse y luchar, cuando es el hombre
mortal ingrato y nula la victoria!
¿Por qué, aunque haya Dios, vence el infierno?»

Así del dolor víctima, el espíritu
se rebelaba contra cielo y tierra...
mientras mi pie inseguro caminaba;
cuando de par en par vi abierto el templo,
de fieles despoblado, y donde apenas
su resplandor las lámparas lanzaban.

IV

189

Majestad de los templos, mi alma femenina
te siente, como siente las maternas dulzuras,
las inquietudes vagas, las ternuras secretas
y el temor a lo oculto tras de la inmensa altura.

¡Oh, majestad sagrada! En nuestra húmeda tierra
más grande eres y augusta que en donde el sol ardiente
inquieta con sus rayos vivísimos las sombras
que al pie de los altares oran, velan o duermen.

Bajo las anchas bóvedas, mis pasos silenciosos
resonaron con eco armonioso y pausado,
cual resuena en la gruta la gota cristalina
que lenta se desprende sobre el verdoso charco.

Y aun más que los acentos del órgano y la música
sagrada, conmoviome aquel silencio místico
que llenaba el espacio de indefinidas notas,
tan sólo perceptibles al conturbado espíritu.

Del incienso y la cera el acusado aroma
que impregnaba la atmósfera que allí se respiraba,
no sé por qué, de pronto, despertó en mis sentidos
de tiempos más dichosos reminiscencias largas.

Y mi mirada inquieta, cual buscando refugio
para el alma, que sola luchaba entre tinieblas,
recorrió los altares, esperando que acaso
algún rayo celeste brillase al fin en ella.

190

Y... ¡no fue vano empeño ni ilusión engañosa!
Suave, tibia, pálida la luz rasgó la bruma
y penetró en el templo, cual entre la alegría
de súbito en el pecho que las penas anublan.

¡Ya yo no estaba sola! En armonioso grupo,
como visión soñada, se dibujó en el aire
de un ángel y una santa el contorno divino,
que en un nimbo envolvía vago el sol de la tarde.

Aquel candor, aquellos delicados perfiles
de celestial belleza, y la inmortal sonrisa
que hace entreabrir los labios del dulce mensajero
mientras contempla el rostro de la virgen dormida

en el sueño del éxtasis, y en cuya frente casta
se transparenta el fuego del amor puro y santo,
más ardiente y más hondo que todos los amores
que pudo abrigar nunca el corazón humano;

aquel grupo que deja absorto el pensamiento,
que impresiona el espíritu y asombra la mirada,
me hirió calladamente, como hiere los ojos
cegados por la noche la blanca luz del alba.

Todo cuanto en mí había de pasión y ternura,
de entusiasmo ferviente y gloriosos empeños,
ante el sueño admirable que realizó el artista,
volviendo a tomar vida, resucitó en mi pecho.

Sentí otra vez el fuego que ilumina y que crea
los secretos anhelos, los amores sin nombre,
que como al arpa eólica el viento, al alma arranca
sus notas más vibrantes, sus más dulces canciones.

191

Y orando y bendiciendo al que es todo hermosura,
se dobló mi rodilla, mi frente se inclinó
ante Él, y conturbada, exclamé de repente:
«¡Hay arte! ¡Hay poesía...! Debe haber cielo. ¡Hay Dios!»

Casa de Rosalía
A Matanza
15917 Padrón
+34 981 811 204

rosalia.gal